

ASUNTO PLE/2023/00015612E

ACTA NÚM. 6 - SESIÓN ORDINARIA 30 DE MARZO DE 2023

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **10:17 horas** do día **30 de marzo de 2023**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTEN:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez
Don Rubén Prol Mariño
Dona María Begoña Rodríguez Rodríguez

PP:

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela
Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia
Dona Beatriz Cigarrán Vicente
Dona María Castelao Torres
Don Pedro José Rey Sanchiz

CA:

Dona Branca Petra Novo Rey
Dona Marta Irene Lois González
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez
Dona María Rozas Pérez
Don Xan Xesús Duro Fernández

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei
Dona Navia Rivas de Castro

Concelleiro non adscrito:

Don José Javier Fernández Martínez.

José Manuel González García, secretario xeral do pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Non asiste, Dona María Esther Pedrosa Carrete.

ORDE DO DÍA:

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00015612E.

Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión ordinaria do 28 de febreiro e extraordinarias do 9 e 16 de marzo, de 2023.

2. ACCIÓN SOCIAL. Referencia: 2023/00014532T.

Creación do Consello do Medio Rural e aprobación do seu regulamento de funcionamento.

3. PLANEAMENTO. Referencia: 2023/00013142J.

Aprobación definitiva do Estudo de detalle para a dotación de accesibilidade aos inmobles de vivenda colectiva emprazados na rúa do Penedo, número 56 a 68 (Corredoira da Campsa).

4. PLANEAMENTO. Referencia: 2022/00022200J.

Solicitud de inicio de avaliación ambiental estratéxica da modificación puntual do PXOM para a fixación de aliñacións no núcleo de Codesedas.

5. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2023-REC-03.

Aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito 2023-REC-03 por importe de 389.932,74 € para aprobar unha serie de facturas en situación de OPA a 31.12.2022.

6. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2023-REC-04.

Aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito 2023-REC-04 por importe de 124.641,01 € para aprobar unha serie de facturas en situación de OPA a 31.12.2022.

7. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para corrixir os problemas de accesibilidade e inundacións recuperando o trazado orixinal na segunda fase da reurbanización do Castrón Douro e Sar.

8. Proposición presentada polo concelleiro non adscrito para a implicación e implantación de políticas a prol da economía social coa reserva legal de contratos cos centros especiais de emprego de iniciativa social e empresas de inserción.

9. Proposición presentada polo grupo municipal do PP para modificar a bonificación por aproveitamento da enerxía solar nos impostos sobre os bens inmobles (IBI) e sobre construcións, instalacións e obras (ICIO).

10. Proposición presentada polo grupo municipal do PP para a supresión da cita previa de carácter obrigatorio na atención á cidadanía.

11. Proposición presentada polo grupo municipal de CA para a execución da reforma pendente en Castrón Douro, que inclúa o rebaixe da calzada e mellore a accesibilidade ás vivendas.

12. Dar conta do informe anual de queixas e suxestións correspondente ao 2022.

13. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e actas da Xunta de Goberno Local.

14. Comparecencia a petición propia da concelleira de políticas sociais, saúde, medio ambiente e parques e xardíns.

15. Rogos, preguntas e interpelacións.

Interpelación:

1. Formulada por CA sobre o proxecto de centro de inclusión social.

Rogos:

1. Formulado polo BNG para o arranxo e mantemento de pontes en Busto e en Marrozos.
2. Formulado polo BNG para realizar unha campaña de sensibilización de seguranza viaria nos horarios de entrada e saída dos centros de ensino.
3. Formulado polo BNG para realizar unha distribución equitativa dos postos de artesanía.
4. Formulado por CA sobre a reparación dun muro na contorna da ermida de Sta. Lucía.
5. Formulado polo PP para o control do peche nocturno nos parques públicos e o cumprimento da ordenanza de convivencia neses espazos.
6. Formulado polo PP para a instalación dunha varanda de protección nas escaleiras laterais de acceso a San Domingos de Bonaval.
7. Formulado polo PP para a ampliación do servizo de teleasistencia mediante convenio coa Cruz Vermella.
8. Formulado polo concelleiro non adscrito para realizar e mellorar as labores de poda na zona de Pontepedriña.
9. Formulado por CA sobre colocación canastras en distintos puntos da cidade.

Preguntas resposta oral:

1. Formulada por CA sobre a falta de mantemento do ascensor de Triacastela.
2. Formulada polo BNG sobre os prazos das convocatorias de axudas para comedores, material escolar e actividades extraescolares.
3. Formulada polo BNG sobre subvencións para asociacións culturais.
4. Formulada polo BNG sobre a viabilidade de negocios como o establecemento Espazo Abella, que non poden conectarse á rede de saneamento.
5. Formulada polo PP sobre as conclusións do informe sobre o envío á Fiscalía do expediente da empresa Desproi.
6. Formulada polo PP sobre a licitación do contrato de autobuses.
7. Formulada polo PP sobre o inicio das obras para unha senda peonil na rúa das Estrelas e a súa iluminación.
8. Formulada por CA sobre a necesidade de habilitar unha zona verde de estacionamento para a veciñanza das rúas dos pintores Lino Villafínez e Modesto Brocos.
9. Formulada polo concelleiro non adscrito sobre o remate das obras da beirarrúa de Amor Ruibal.

Preguntas resposta escrita:

1. Formulada polo PP sobre a instalación en solo rústico de vertedoiros ou plantas de residuos.
2. Formulada por CA sobre as advertencias de interrupción do servizo de abastecemento e saneamento de auga en Figueiras.
3. Formulada por CA sobre o incidente e deterioro dunha columna na Praza do Toural.
4. Formulada por CA sobre a execución do proxecto SMARTIAGO.

5. Formulada polo PP sobre as axudas a empresas de economía social.
6. Formulada polo BNG sobre o proxecto de mellora da mobilidade na rúa do Corgo.
7. Formulada polo BNG sobre o Plan integral de Saúde para a cidade para cumprir co compromiso adquirido coa Rede Española de Cidades Saudables.

16. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos políticos municipais:

1. Presentada por CA para que se inclúa na programación das festas de Santiago música e cultura ao vivo de artistas e empresas locais.
2. Presentada por CA sobre a memoria histórica e democrática en Santiago.
3. Presentada polo BNG para dotar de servizos de comedor e de madrugadores ás escolas unitarias.
4. Presentada polo BNG para rexeitar o proxecto que pretende privatizar a torre de control do aeroporto de Santiago.
5. Presentada polo PP para a posta a disposición do informe sobre o cumprimento do contrato do lixo e para a valoración das repercusións da inobservancia das obrigas establecidas no prego de licitación.
6. Presentada polo PP para a urxente execución de melloras no viario municipal e a adopción dun sistema de xestión de firmes para a súa mellor conservación e mantemento futuros.
7. Presentada polo PP para o acondicionamento das áreas recreativas de Chaián e o Refuxio, na ribeira do Tambre.
8. Presentada polo BNG para a mellora dos servizos básicos, dos accesos e a seguranza viaria no lugar do Viso.
9. Presentada por CA para que o proxecto do matadoiro Compostela manteña o seu carácter participativo e aberto aos colectivos sociais e culturais de Santiago.
10. Presentada por CA para a dinamización do mercado de abastos mediante a oferta de postos baleiros para iniciativas da economía social e persoas emprendedoras en situación de desemprego.

A moción que figura como núm. 5 na orde do día foi retirada en Xunta de Portavoces e da núm. 7 foi eliminado o punto 4 da proposta de resolución.

En primeiro lugar, antes de comezar o estudo dos asuntos incluídos na orde do día, teñen lugar as seguintes intervencións:

Don Brais González Pérez, en representación da entidade Espazo Veciñal de Sar con relación ás iniciativas que figuran na orde do día da sesión relativas ao barrio de Sar.

Don Anxo Louzao Rodríguez, en representación das entidades Vía Galega e Galiza Cultura con relación á moción sobre o Himno Galego.

Don Andrés Sánchez Barros, en representación do Comité de empresa de Urbaser.

Previa declaración de urxencia acordada por unanimidade dos/as asistentes inclúense os seguintes asuntos na orde do día:

Declaración institucional do Concello de Santiago en apoio e recoñecemento das necesidades non cubertas das persoas con lupus en España.

Declaración institucional do Concello de Santiago en apoio e solidariedade coas mulleres e nenas en Afganistán.

Moción conxunta dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG para a restauración do texto fidedigno do Himno Galego e a súa difusión.

Cumpriméntase así:

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00015612E.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA DO 28 DE FEBREIRO E EXTRAORDINARIAS DO 9 E 16 DE MARZO, DE 2023.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as asistentes aproba as actas correspondentes ás sesións ordinaria do 28 de febreiro e extraordinarias do 9 e 16 de marzo, de 2023.

2. ACCIÓN SOCIAL. Referencia: 2023/00014532T.

CREACIÓN DO CONSELLO DO MEDIO RURAL E APROBACIÓN DO SEU REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO.

A proposta é do seguinte teor literal:

“1. O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 21 de decembro de 2022, aprobou por unanimidade o Pacto polo Rural. Este documento inclúe un apartado, denominado “Información, comunicación e participación” que entre as medidas destinadas a “evitar a incomunicación e o illamento do rural”, inclúe a seguinte:

“36. Establecer canles regulares e eficaces para propiciar a participación, a codecisión, a coordinación e a comunicación coa veciñanza do rural, mediante a activación dos consellos sectoriais, que deben ser convocados con regularidade e posuír orzamento e cometidos reais”.

O Pacto polo Rural, entre as medidas de seguimento do seu cumprimento, sinala: “(...) constituirase no primeiro semestre do 2023 o Consello do Medio Rural no que estarían representados todos os grupos políticos con representación municipal e as asociacións de veciños do medio rural. Este Consello reuniríase de xeito ordinario ao menos unha vez cada seis meses e avaliaría o cumprimento do presente Pacto”.

2. A concelleira delegada do Medio Rural, por providencia do 20 de marzo de 2023 dispuxo o inicio do procedemento para a creación do Consello do Medio Rural e para a elaboración do proxecto do seu regulamento de funcionamento.

3. O Departamento de Medio Rural elaborou un proxecto de Regulamento do Consello do Medio Rural, e o 22 de marzo de 2023 informouse a súa adecuación á normativa aplicable.

4. A Xunta de Goberno Local, na sesión do 22 de marzo de 2023, aprobou o proxecto de Regulamento do Consello do Medio Rural.

Nesa mesma data, logo de serlle remitido, o secretario xeral do Pleno informou favorablemente o proxecto de regulamento.

1. A normativa aplicable é a conformada polas seguintes normas:

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG).

Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

Regulamento de participación cidadá do Concello de Santiago de Compostela.

2. A participación cidadá é un dos piares sobre os que se asenta a idea de democracia e tamén un dos medios a través dos cales a cidadanía xulga a acción dos seus gobernos. Supón recoñecer a pluralidade de pensamentos, opinións e visións dos asuntos e contribúe ao desenvolvemento social, á construción do capital social, ao fomento da corresponsabilidade e á mellora da calidade dos servizos públicos. As vantaxes e beneficios que comporta a participación cidadá nas decisións públicas fanse máis evidentes no eido local, onde as organizacións sociais, os grupos locais, as familias, a cidadanía en definitiva, teñen o dereito e o deber de esixir que se teñan en conta e se debatan as súas demandas, críticas e propostas.

A Constitución establece no seu título preliminar o dereito da cidadanía a participar na vida política, económica, cultural e social (artigo 9.2), aludindo á obriga dos poderes públicos de promover as condicións para a participación libre e eficaz da cidadanía no desenvolvemento político, social, económico e cultural.

A Carta europea de autonomía local aprobada en Estrasburgo o 15 de outubro de 1985 considera, no seu preámbulo, que o dereito da cidadanía a participar na xestión dos asuntos públicos forma parte dos principios democráticos comúns a todos os membros do Consello de Europa.

O artigo 70 bis da LBRL impónlles aos concellos a obriga de “*establecer e regular*” en normas de carácter orgánico procedementos e órganos axeitados para a efectiva participación dos veciños nos asuntos da vida pública local.

3. Os concellos teñen a obriga de establecer e regular os procedementos e órganos axeitados para facer efectiva a participación dos veciños nos asuntos da vida pública local (art. 70 bis LBRL). Os órganos máis acaídos para este fin son os consellos sectoriais, órganos complementarios da organización municipal que teñen por fin canalizar a participación dos cidadáns e das súas asociacións nos asuntos municipais (art. 130 RD 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais). Engade o Regulamento de participación cidadá do Concello de Santiago de Compostela dispón que “*os consellos sectoriais son órganos de participación e información da xestión municipal, referidos aos distintos sectores de actuación nos que o concello ten competencias*” (art. 30).

Os consellos sectoriais serán creados por acordo do Pleno, que determinará a súa composición, organización e ámbito de actuación (artigos 71 e 72 da Lei de

Administración Local de Galicia e 130 e 131 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

A creación do Consello do Medio Rural permitirá, dun lado, dar cumprimento ás previsións do Pacto polo Rural aprobado unánimemente pola Corporación Municipal e, doutro lado, articular unha canle para a efectiva participación da veciñanza do rural nos asuntos que lles afectan.

4. O réxime de organización e funcionamento dos órganos de participación, como é o Consello do Medio Rural, sen prexuízo de que o Pleno da Corporación deba determinar os seus aspectos básicos de composición, ámbito de actuación, organización e réxime de funcionamento, debe recollerse nun regulamento que, de acordo co establecido no art. 123.1 c) da LBRL, terá a natureza de regulamento orgánico.

A aprobación inicial do Regulamento do Consello do Medio Rural require do voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, segundo establece o art. 123.2 da LBRL.

Á vista de canto antecede, propónse á Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas, que ditamine o seguinte asunto:

Primeiro. Crear o Consello do Medio Rural como órgano de participación da veciñanza e entidades da zona rural do Concello de Santiago de Compostela nos asuntos de competencia municipal que lle afectan a ese ámbito do concello.

O Consello do Medio Rural terá as seguintes características básicas:

1) Ámbito de actuación: asuntos de competencia municipal que lle afecten aos intereses colectivos da veciñanza que reside na zona rural do Concello de Santiago de Compostela.

2) Composición e organización: o Consello do Medio Rural estará integrado polos seguintes órganos:

- Presidencia: persoa que desempeñe a Alcaldía ou concelleiro no que delegue.
- Vicepresidencia: un vicepresidente primeiro, que será a persoa titular da Concellería competente para os asuntos do Medio Rural; un vicepresidente segundo, que será un representante da veciñanza designado polo Consello.
- Vogais: un representante de cada un dos grupos políticos municipais da Corporación e seis persoas que representen ás asociacións veciñais do ámbito rural.
- Secretaría: titular da Secretaría Xeral do Pleno ou funcionario no que delegue.

3) Réxime de funcionamento: o Consello do Medio Rural celebrará sesións ordinarias cunha periodicidade semestral. Tamén celebrará sesións de carácter extraordinario cando o decida a Presidencia, por iniciativa propia ou a solicitude dun terzo dos membros.

O Consello do Medio Rural poderá constituír, baixo a súa supervisión, comisións de traballo, temporais ou permanentes, para a elaboración de informes, propostas ou desenvolver proxectos ou programas nos asuntos que o Consello determine.

As características básicas do Consello do Medio Rural desenvolveranse no seu regulamento.

Segundo. Aprobar inicialmente o Regulamento do Consello do Medio Rural, que se incorpora como anexo a esta proposta.

Terceiro. Abrir un prazo de información pública e audiencia de trinta días, a fin de que todos os interesados e axentes que poidan resultar afectados pola aprobación desta norma poidan presentar as reclamacións e facer as suxestións que estimen pertinentes.

Para o caso de non presentarse reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo de aprobación inicial.

ANEXO

REGULAMENTO DO CONSELLO DO MEDIO RURAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PREÁMBULO

I

A participación cidadá é un dos piares sobre os que se asenta a idea de democracia e tamén un dos medios a través dos ces a cidadanía xulga a acción dos seus gobernos. Supón recoñecer a pluralidade de pensamentos, opinións e visións dos asuntos e contribúe ao desenvolvemento social, á construción do capital social, ao fomento da corresponsabilidade e á mellora da calidade dos servizos públicos. É no ámbito local onde as vantaxes e beneficios que comporta a participación cidadá nas decisións públicas son máis evidentes, en tanto que a local é a Administración máis próxima.

A Constitución consagra no Título Preliminar o dereito da cidadanía a participar na vida política, económica, cultural e social (artigo 9.2), impoñéndolle aos poderes públicos a obriga facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

No eido local, a Carta Europea de Autonomía Local establece xa no seu Preámbulo que o dereito da cidadanía a participar na xestión dos asuntos públicos forma parte dos principios democráticos comúns a todos os membros do Consello de Europa.

A participación cidadá nos asuntos da competencia dos concellos está recoñecida, con carácter xeral, nos artigos 1 e 69 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. De xeito máis específico, o artigo 71 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia e os artigos 130 e 131 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais artellan a participación cidadá a través da figura dos consellos sectoriais. O Concello de Santiago de Compostela tamén contemplou no seu Regulamento de participación cidadá (artigos 29 a 33) a creación de consellos sectoriais destinados a canalizar a participación da cidadanía en ámbitos específicos da competencia municipal.

II

O Concello de Santiago de Compostela ten un termo municipal dos máis extensos de Galicia con 220 km², dos cales o territorio rural é maioritario, con máis do 86% da súa superficie.

No vasto ámbito rural do concello aséntanse 215 núcleos de poboación, nos que residen máis de 14.000 persoas.

O importante peso demográfico do rural compostelán, así como as características diferenciadas deste ámbito con respecto ao da cidade, requiren dunha atención especial que teñan en conta as súas especiais características.

Froito da demanda da veciñanza do rural, o 21 de decembro de 2022 o Pleno da Corporación aprobou por unanimidade o Pacto polo Rural. Este documento inclúe entre as súas medidas a de *“Establecer canles regulares e eficaces para propiciar a participación, a codecisión, a coordinación e a comunicación coa veciñanza do rural, mediante a activación dos consellos sectoriais, que deben ser convocados con regularidade e posuír orzamento e cometidos reais”*. Así mesmo, o Pacto polo Rural tamén contempla a constitución durante o primeiro semestre de 2023 do Consello do Medio Rural, no que estearán integrados todos os grupos políticos con presenza na Corporación e as asociacións de veciños do rural.

Esta norma ten como fin regular o Consello do Medio Rural, definindo unhas funcións e dotándoo dunha estrutura e regras de funcionamento que fagan posible, ao cabo, a participación efectiva da veciñanza rural nos asuntos municipais que lle afecten.

ÍNDICE

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Natureza.

Artigo 2. Ámbito de actuación.

Artigo 3. Funcións.

Artigo 4. Estatuto dos membros do Consello.

TÍTULO II. RÉXIME DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

Artigo 5. Organización.

Artigo 6. Da Presidencia.

Artigo 7. Da Vicepresidencia.

Artigo 8. Dos vogais.

Artigo 9. Da Secretaría.

Artigo 10. Convocatoria das sesións.

Artigo 11. Réxime das sesións.

Artigo 12. Comisi3ns de traballo.

Disposici3n adicional. Procedemento para a elecci3n de representantes das asociaci3ns veci3ais no Consello do Medio Rural.

Disposici3n transitoria. Elecci3n dos vogais representantes das asociaci3ns veci3ais que integraran o primeiro Consello do Medio Rural.

Disposici3n final. Entrada en vigor.

TÍTULO I. DISPOSICI3NS XERAIS

Artigo 1. Natureza.

1. O Consello do Medio Rural 3 un 3rgano colexiado de participaci3n da cidadan3a para a consulta, asesoramento, proposta e seguimento das acci3ns dirixidas 3 satisfacci3n e promoci3n dos intereses colectivos dos residentes no rural do Concello de Santiago de Compostela.

As3 mesmo, o Consello do Medio Rural ter3 entre os seus fins a avaliaci3n do cumprimento do Pacto polo Rural aprobado pola Corporaci3n municipal.

2. Os estudos, propostas e informes emitidos polo Consello ter3n unha natureza consultiva e non vinculante.

3. O Consello rexerase por este regulamento e, no non previsto nel, polo Regulamento de participaci3n cidad3. Supletoriamente, aplicarase a normativa reguladora do funcionamento dos 3rganos colexiados municipais.

Artigo 2. 3mbito de actuaci3n.

1. A actuaci3n do Consello Municipal do Medio Rural, no marco das competencias que ten atribuidas o Concello de Santiago de Compostela, comprende todas aquelas materias representativas de intereses colectivos da veci3anza e das entidades domiciliadas nas zonas rurais do Concello ou que pola s3a actividade e fins estean relacionadas con ese 3mbito do concello.

2. O Consello poder3 colaborar con outras Administraci3ns e entidades, p3blicas ou privadas, para o mellor desenvolvemento das s3as funci3ns e satisfacci3n dos seus fins nas materias comprendidas no seu 3mbito de actuaci3n.

Artigo 3. Funci3ns.

1. Son funci3ns deste Consello canalizar a participaci3n comunitaria, nas materias que conforman o seu 3mbito de actuaci3n e o asesoramento, elaboraci3n de propostas de actuaci3n e seguimento da s3a execuci3n.

2. Son competencias do Consello as seguintes:

a) Fixar as s3as li3as xerais de actuaci3n.

- b) Coñecer, colaborar e participar na elaboración de estratexias, plans, programas e propostas de actuación no ámbito rural e no seu desenvolvemento, execución, seguimento e avaliación.
- c) Canalizar e avaliar as iniciativas e suxestións da veciñanza e entidades nas actuacións municipais nas zonas rurais.
- d) Impulsar a colaboración e a cooperación entre asociacións e entidades que desenvolvan actuacións no rural, sexan públicas ou privadas, así como entre aquelas e o Concello.
- e) Favorecer a coordinación entre as diferentes entidades e axentes que realizan que desenvolven accións, proxectos ou actividades no rural en calquera eido comprendido no ámbito de actuación do Consello.
- f) Emitir informes e formular propostas e suxestións dirixidas aos órganos municipais sobre as materias da súa competencia.
- g) Avaliar as actuacións anuais do Consello e das comisións de traballo que se poidan constituír.
- h) Recompilar tanta información sexa necesaria para desenvolver as súas funcións.

Artigo 4. Estatuto dos membros do Consello.

1. A duración do mandato dos membros do Consello será de catro anos, agás no suposto contemplando no artigo 8.3, e non excederá do da Corporación Local, sen prexuízo da súa substitución polo tempo que reste do mandato corporativo.
2. Os membros do Consello teñen os seguintes dereitos e obrigas:
 - a) Propoñer asuntos para incluír na orde do día das sesións.
 - b) Participar nos debates das sesións.
 - c) Formular propostas en relación cos asuntos fixados na orde do día.
 - d) Exercer o seu dereito ao voto e formularen votos particulares, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.
 - e) Formular iniciativas, preguntas e suxestións.
 - f) Obter a información precisa para desenvolver as súas funcións.
 - g) Respetar a confidencialidade da información que adquira pola súa condición de membro do Consello, aínda con posterioridade ao seu cesamento.
 - h) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición.
3. En casos de ausencia ou de enfermidade, e en xeral cando concorra unha causa xustificada, os membros do Consello serán substituídos polos seus suplentes, se os houbese. As asociacións e entidades poderán substituír as persoas que as

representan acreditándoo ante a Secretaría do Consello, quen o trasladará ao Pleno do Consello.

4. Na designación dos membros do Consello promoverase a presenza equilibrada de homes e mulleres, de acordo co establecido no artigo 16 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

5. Para o caso de que un membro do Consello non asista a tres sesións consecutivas sen xustificación, proporase a súa substitución polo candidato ou candidata que acadase un número de votos inmediatamente inferior na elección correspondente.

TÍTULO II. RÉXIME DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

Artigo 5. Organización.

O Consello Municipal do Medio Rural estará integrado polos seguintes órganos: Presidencia, Vicepresidencia, Vogais e Secretaría.

Artigo 6. Da Presidencia.

1. A persoa que desempeñe a Alcaldía do Concello de Santiago de Compostela presidirá o Consello do Medio Rural, sen prexuízo da súa delegación noutro concelleiro.

2. Correspóndenlle á Presidencia as seguintes funcións:

- a) Representar o Consello.
- b) Convocar e presidir as sesións do Consello e das súas comisións, se as houbese.
- c) Velar polo cumprimento dos acordos do Consello e das súas normas de funcionamento.
- d) Someter iniciativas e propostas á consideración do Consello.
- e) Dirimir co seu voto de calidade os empates para os efectos de adoptar acordos.

3. A Presidencia poderá delegar a representación do Consello, para asuntos concretos, nas Vicepresidencias ou en calquera dos vogais.

Artigo 7. Da Vicepresidencia.

1. A Vicepresidencia do Consello estará integrada por dúas Vicepresidencias.

A Vicepresidencia primeira será a persoa titular da Concellería competente para os asuntos do Medio Rural.

A persoa titular da Vicepresidencia segunda será designada polo Consello a proposta da Presidencia.

2. A persoa que ostente a Vicepresidencia primeira, asumirá a Presidencia en caso de vacante, ausencia ou enfermidade do Presidente.

Artigo 8. Dos vogais.

1. Serán vogais do Consello:

- Unha persoa representante de cada un dos grupos políticos municipais da Corporación.
- Seis persoas que representen ás asociacións veciñais do ámbito rural do Concello.

2. As asociacións veciñais deberán estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

3. Os representantes das asociacións veciñais serán designados entre os seus socios polo procedemento contemplado neste Regulamento.

Artigo 9. Da Secretaría.

1. A Secretaría do Consello será desempeñada polo titular da Secretaría Xeral do Pleno ou funcionario en quen delegue, sen prexuízo da designación dun suplente.

2. Son funcións da Secretaría:

- a) Realizar as tarefas administrativas do Consello.
- b) Preparar a documentación das sesións e comunicar a súa convocatoria xuntando a orde do día.
- c) Asistir ás sesións, con voz pero sen voto, elaborar as súas actas e dar o curso correspondente aos acordos que se adopten.
- d) Expedir, co visto e praxe da Presidencia, as certificacións sobre actos e acordos do Consello.
- e) Levar o rexistro de membros do Consello.
- f) As demais que lle sexan encomendadas pola Presidencia do Consello.

3. No caso de ausencia, vacante ou enfermidade, o secretario do Consello será substituído nas súas funcións por quen fose designado como suplente.

Artigo 10. Convocatoria das sesións.

1. As sesións ordinarias do Consello deberán convocarse cunha antelación mínima de cinco días naturais e as sesións extraordinarias cun mínimo de dous días de antelación.

A convocatoria das sesións realizarase por medios electrónicos.

2. Os documentos e información relativa aos asuntos incluídos na orde do día estará á disposición dos membros desde a súa convocatoria.

3. Os membros do Consello poderán formular as propostas ou achegar os documentos que estimen convenientes aos asuntos incluídos na orde do día desde a súa convocatoria e ata un día antes da sesión.

Artigo 11. Réxime das sesións.

1. As sesións do Consello terán carácter ordinario ou extraordinario.

As sesións ordinarias terán unha periodicidade semestral. Así mesmo, o Consello celebrará sesións extraordinarias cando o decida a Presidencia, por propia iniciativa ou por solicitude dun terzo dos compoñentes.

2. As sesións do Consello serán públicas e desenvolveranse no edificio municipal que designe a Presidencia na convocatoria.

3. O Consello poderá celebrar as súas sesións de xeito presencial ou por medios telemáticos.

Os medios electrónicos ou telemáticos deberán permitir a acreditación da identidade dos participantes, o contido das súas manifestacións, o momento no que estas se producen, a interacción e intercomunicación en tempo real e a dispoñibilidade daqueles medios durante a sesión, co gallo de permitir a súa efectiva participación nos debates, a constancia do sentido das votacións e a adopción dos acordos.

4. Para a válida constitución do Consello requirirase, a asistencia, persoal ou telemática, en primeira convocatoria da maioría absoluta do número legal dos seus membros, titulares ou suplentes, e das persoas titulares da Presidencia e da Secretaría ou de quen as substitúan.

En segunda convocatoria será suficiente a asistencia dun terzo do número legal dos membros, titulares ou suplentes, e das persoas titulares da Presidencia e da Secretaría ou de quen as substitúan.

As sesións poderán celebrarse en segunda convocatoria logo do transcurso de, ao menos, media hora dende a primeira convocatoria.

5. Non poderán ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día das sesións, agás que sexa declarada a súa urxencia polo voto favorable da maioría absoluta do número legal dos seus membros.

6. A Presidencia poderá convidar ás sesións do Consello a calquera persoa experta, profesional, organización ou entidade cuxo asesoramento se xulgue de interese para os temas tratados.

7. O Consello do Medio Rural adoptará os seus acordos, como regra xeral, por maioría simple dos membros que asistan. En caso de empate, decidirá o voto de calidade da Presidencia.

O voto será persoal e indelegable e non se admitirá o voto por correo.

Artigo 12. Comisións de traballo.

1. As comisións de traballo son grupos cuxa finalidade é elaborar informes e propostas, así como desenvolver, baixo a supervisión do Consello, os proxectos ou programas que este órgano lles encomendase nas materias da súa competencia.

2. O Consello poderá crear, con carácter temporal ou permanente, as comisións de traballo que considere oportunas. O acordo de creación determinará o seu cometido e organización interna.

Se a comisión ten carácter permanente, o acordo de creación poderá fixar os prazos para a renovación periódica dos seus membros.

3. As comisións de traballo estarán integradas por un mínimo de catro membros do Consello e poderán formar parte delas outras persoas que non teñan a condición de membros, designadas por aquel en número non superior á metade dos primeiros.

A coordinación da Comisión corresponderalle a un membro do Consello.

Disposición adicional. Procedemento para a elección de representantes das asociacións veciñais no Consello do Medio Rural.

1. Os vogais do Consello do Medio Rural serán designados de entre as entidades veciñais que reúnan os requisitos sinalados nos artigos 1 e 2 do Regulamento para a elección de representantes veciñais no Consello de Relacións Veciñais á data da convocatoria do proceso electoral, e cuxo ámbito de actuación se se sitúe no ámbito rural.

2. A convocatoria do proceso electoral realizarase por decreto da Alcaldía, no que se fixará o calendario electoral e a data e lugar de celebración da elección.

Para evitar interferencias entre os procesos electorais, a elección dos vogais do Consello realizarase despois das eleccións municipais.

3. O censo das asociacións con dereito de voto será elaborado pola Secretaría Xeral do Pleno dous meses antes da votación.

O censo exporase ao público, habilitando un prazo para a presentación de reclamacións de dez días hábiles. Finalizado o prazo de exposición pública e resoltas, no seu caso, as reclamacións presentadas, publicarase o censo definitivo.

4. No día da votación constituirase unha a mesa electoral, presidida pola persoa titular da Alcaldía ou persoa en quen delegue, dous vogais, e un secretario, que será o secretario xeral do Pleno ou empregado público no que delegue.

Os vogais e os seus suplentes escolleranse mediante sorteo público entre as asociacións veciñais incluídas no censo electoral.

As entidades veciñais designadas como membros da mesa electoral comunicarán, no prazo dos dez días seguintes ao do sorteo, a identidade da persoa da Xunta Directiva que as representará.

5. Unha vez constituída a mesa electoral, do que se estenderá acta, comezará a votación na hora sinalada no decreto de convocatoria.

A votación será secreta e realizarase en urna habilitada para ese fin.

O dereito a votar acreditarase coa inscrición no censo electoral. Ostentará o dereito material ao voto das entidades censadas quen as presida ou persoa na que delegue, quen deberán acreditar a condición mediante un documento oficial de identidade (DNI, NIE, pasaporte etc) e certificación acreditativa da representación expedida para estes efectos.

6. Na votación empregaranse papeletas axustadas ao modelo aprobado no decreto de convocatoria, que se porán a disposición en número suficiente.

Cada representante veciñal poderá votar a un máximo de tres persoas candidatas. Se o número de candidatos ou candidatas votado supera o indicado, o voto será nulo.

Serán nulos ou brancos os votos nos supostos contemplados na lexislación de réxime electoral xeral.

7. Concluída a votación, a mesa electoral fará públicos os resultados inmediatamente e procederá á proclamación provisional das persoas candidatas elixidas, outorgando un prazo de cinco días hábiles para a presentación de reclamacións.

No prazo de cinco días hábiles seguintes ao remate do prazo para reclamacións, a mesa electoral resolverá as que se presentarán e realizará a proclamación definitiva das persoas candidatas elixidas.

8. No non previsto neste Regulamento sobre a elección ou perda da condición de vogal do Consello do Medio Rural, estarase ao disposto no Regulamento para a elección de representantes veciñais no Consello de Relacións Veciñais.

Disposición transitoria. Elección dos vogais representantes das asociacións veciñais que integrarán o primeiro Consello do Medio Rural.

O proceso para a elección dos vogais que representarán ás asociacións do medio rural na constitución do primeiro Consello do Medio Rural convocarase logo de constituírse a Corporación Municipal do mandato 2023-2027.

Disposición final. Entrada en vigor.

O presente regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e logo de transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.”

Á vista da documentación que figura no expediente, e máis as modificacións introducidas no texto do Regulamento na sesión extraordinaria do pasado día 27 da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas, o Pleno da Corporación por 23 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, do PP, de CA e do BNG (8 PSdeG-PSOE, 8 PP, 5 CA e 2 BNG) e 1 abstención correspondente ao concelleiro non adscrito, e polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acorda:

Primeiro. Crear o Consello do Medio Rural como órgano de participación da veciñanza e entidades da zona rural do Concello de Santiago de Compostela nos asuntos de competencia municipal que lle afectan a ese ámbito do concello.

O Consello do Medio Rural terá as seguintes características básicas:

1) Ámbito de actuación: asuntos de competencia municipal que lle afecten aos intereses colectivos da veciñanza que reside na zona rural do Concello de Santiago de Compostela.

2) Composición e organización: o Consello do Medio Rural estará integrado polos seguintes órganos:

- Presidencia: persoa que desempeñe a Alcaldía ou concelleiro no que delegue.
- Vicepresidencia: un vicepresidente primeiro, que será a persoa titular da Concellería competente para os asuntos do Medio Rural; un vicepresidente segundo, que será un representante da veciñanza designado polo Consello.
- Vogais: un representante de cada un dos grupos políticos municipais da Corporación e seis persoas que representen ás asociacións veciñais do ámbito rural.
- Secretaría: titular da Secretaría Xeral do Pleno ou funcionario no que delegue.

3) Réxime de funcionamento: o Consello do Medio Rural celebrará sesións ordinarias cunha periodicidade semestral. Tamén celebrará sesións de carácter extraordinario cando o decida a Presidencia, por iniciativa propia ou a solicitude dun terzo dos membros.

O Consello do Medio Rural poderá constituír, baixo a súa supervisión, comisións de traballo, temporais ou permanentes, para a elaboración de informes, propostas ou desenvolver proxectos ou programas nos asuntos que o Consello determine.

As características básicas do Consello do Medio Rural desenvolveranse no seu regulamento.

Segundo. Aprobar inicialmente o Regulamento do Consello do Medio Rural, que se incorpora como anexo a esta proposta.

Terceiro. Abrir un prazo de información pública e audiencia de trinta días, a fin de que todos os interesados e axentes que poidan resultar afectados pola aprobación desta norma poidan presentar as reclamacións e facer as suxestións que estimen pertinentes.

Para o caso de non presentarse reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo de aprobación inicial.

ANEXO

REGULAMENTO DO CONSELLO DO MEDIO RURAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PREÁMBULO

I

A participación cidadá é un dos piares sobre os que se asenta a idea de democracia e tamén un dos medios a través dos ces a cidadanía xulga a acción dos seus gobernos. Supón recoñecer a pluralidade de pensamentos, opinións e visións dos asuntos e contribúe ao desenvolvemento social, á construción do capital social, ao fomento da corresponsabilidade e á mellora da calidade dos servizos públicos. É no ámbito local onde as vantaxes e beneficios que comporta a participación cidadá nas decisións públicas son máis evidentes, en tanto que a local é a Administración máis próxima.

A Constitución consagra no Título Preliminar o dereito da cidadanía a participar na vida política, económica, cultural e social (artigo 9.2), impoñéndolle aos poderes públicos a obriga facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

No eido local, a Carta Europea de Autonomía Local establece xa no seu Preámbulo que o dereito da cidadanía a participar na xestión dos asuntos públicos forma parte dos principios democráticos comúns a todos os membros do Consello de Europa.

A participación cidadá nos asuntos da competencia dos concellos está recoñecida, con carácter xeral, nos artigos 1 e 69 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. De xeito máis específico, o artigo 71 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia e os artigos 130 e 131 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais artellan a participación cidadá a través da figura dos consellos sectoriais. O Concello de Santiago de Compostela tamén contemplou no seu Regulamento de participación cidadá (artigos 29 a 33) a creación de consellos sectoriais destinados a canalizar a participación da cidadanía en ámbitos específicos da competencia municipal.

II

O Concello de Santiago de Compostela ten un termo municipal dos máis extensos de Galicia con 220 km². Fóra do ámbito da cidade e das zonas periurbanas lindeiras, o termo municipal é maioritariamente rural (máis do 86% da súa superficie).

No vasto ámbito rural do concello aséntanse 215 núcleos de poboación, nos que residen máis de 14.000 persoas.

O importante peso demográfico do rural compostelán, así como as características diferenciadas deste ámbito con respecto ao da cidade, requiren dunha atención especial que teñan en conta as súas especiais características.

Froito da demanda da veciñanza do rural, o 21 de decembro de 2022 o Pleno da Corporación aprobou por unanimidade o Pacto polo Rural. Este documento inclúe entre as súas medidas a de *“Establecer canles regulares e eficaces para propiciar a participación, a codecisión, a coordinación e a comunicación coa veciñanza do rural, mediante a activación dos consellos sectoriais, que deben ser convocados con regularidade e posuír orzamento e cometidos reais”*. Así mesmo, o Pacto polo Rural tamén contempla a constitución durante o primeiro semestre de 2023 do Consello do Medio Rural, no que estearán integrados todos os grupos políticos con presenza na Corporación e as asociacións de veciños do rural.

Este regulamento ten como fin primordial regular o Consello do Medio Rural, definindo unhas funcións e dotándoo dunha estrutura e regras de funcionamento que fagan

posible, ao cabo, a participación efectiva da veciñanza rural nos asuntos municipais que lle afecten.

ÍNDICE

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Natureza.

Artigo 2. Ámbito de actuación.

Artigo 3. Funcións.

Artigo 4. Estatuto dos membros do Consello.

TÍTULO II. RÉXIME DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

Artigo 5. Organización.

Artigo 6. Da Presidencia.

Artigo 7. Da Vicepresidencia.

Artigo 8. Dos vogais.

Artigo 9. Da Secretaría.

Artigo 10. Convocatoria das sesións.

Artigo 11. Réxime das sesións.

Artigo 12. Comisións de traballo.

Disposición adicional. Procedemento para a elección de representantes das asociacións veciñais no Consello do Medio Rural.

Disposición transitoria. Elección dos vogais representantes das asociacións veciñais que integrarán o primeiro Consello do Medio Rural.

Disposición final. Entrada en vigor.

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Natureza.

1. O Consello do Medio Rural é un órgano colexiado de participación da cidadanía para a consulta, asesoramento, proposta e seguimento das accións dirixidas á satisfacción e promoción dos intereses colectivos dos residentes no rural do Concello de Santiago de Compostela.

Así mesmo, o Consello do Medio Rural terá entre os seus fins a avaliación do cumprimento do Pacto polo Rural aprobado pola Corporación municipal.

2. Os estudos, propostas e informes emitidos polo Consello terán unha natureza consultiva e non vinculante.

3. O Consello rexerase por este regulamento e, no non previsto nel, polo Regulamento de participación cidadá. Supletoriamente, aplicarase a normativa reguladora do funcionamento dos órganos colexiados municipais.

Artigo 2. Ámbito de actuación.

1. A actuación do Consello Municipal do Medio Rural, no marco das competencias que ten atribuídas o Concello de Santiago de Compostela, comprende todas aquelas materias representativas de intereses colectivos da veciñanza e das entidades domiciliadas nas zonas rurais do Concello ou que pola súa actividade e fins estean relacionadas con ese ámbito do concello.

2. O Consello poderá colaborar con outras Administracións e entidades, públicas ou privadas, para o mellor desenvolvemento das súas funcións e satisfacción dos seus fins nas materias comprendidas no seu ámbito de actuación.

Artigo 3. Funcións.

1. Son funcións deste Consello canalizar a participación comunitaria, nas materias que conforman o seu ámbito de actuación e o asesoramento, elaboración de propostas de actuación e seguimento da súa execución.

2. Son competencias do Consello as seguintes:

a) Fixar as súas liñas xerais de actuación.

b) Coñecer, colaborar e participar na elaboración de estratexias, plans, programas e propostas de actuación no ámbito rural e no seu desenvolvemento, execución, seguimento e avaliación.

c) Canalizar e avaliar as iniciativas e suxestións da veciñanza e entidades nas actuacións municipais nas zonas rurais.

d) Impulsar a colaboración e a cooperación entre asociacións e entidades que desenvolvan actuacións no rural, sexan públicas ou privadas, así como entre aquelas e o Concello.

e) Favorecer a coordinación entre as diferentes entidades e axentes que realizan que desenvolven accións, proxectos ou actividades no rural en calquera eido comprendido no ámbito de actuación do Consello.

f) Emitir informes e formular propostas e suxestións dirixidas aos órganos municipais sobre as materias da súa competencia.

g) Avaliar as actuacións anuais do Consello e das comisións de traballo que se poidan constituír.

h) Recompilar tanta información sexa necesaria para desenvolver as súas funcións.

Artigo 4. Estatuto dos membros do Consello.

1. A duración do mandato dos membros do Consello será de catro anos, agás no suposto contemplando no artigo 8.3, e non excederá do da Corporación Local, sen prexuízo da súa substitución polo tempo que reste do mandato corporativo.

2. Os membros do Consello teñen os seguintes dereitos e obrigas:

a) Propoñer asuntos para incluír na orde do día das sesións.

b) Participar nos debates das sesións.

c) Formular propostas en relación cos asuntos fixados na orde do día.

d) Exercer o seu dereito ao voto e formularen votos particulares, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.

e) Formular iniciativas, preguntas e suxestións.

f) Obter a información precisa para desenvolver as súas funcións.

g) Respetar a confidencialidade da información que adquira pola súa condición de membro do Consello, aínda con posterioridade ao seu cesamento.

h) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición.

3. En casos de ausencia ou de enfermidade, e en xeral cando concorra unha causa xustificada, os membros do Consello serán substituídos polos seus suplentes, se os houbese. As asociacións e entidades poderán substituír as persoas que as representan acreditándoo ante a Secretaría do Consello, quen o trasladará ao Pleno do Consello.

4. Na designación dos membros do Consello promoverase a presenza equilibrada de homes e mulleres, de acordo co establecido no artigo 16 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

5. Para o caso de que un membro do Consello non asista a tres sesións consecutivas sen xustificación, proporase a súa substitución polo candidato ou candidata que acadase un número de votos inmediatamente inferior na elección correspondente.

TÍTULO II. RÉXIME DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

Artigo 5. Organización.

O Consello Municipal do Medio Rural estará integrado polos seguintes órganos: Presidencia, Vicepresidencia, Vogais e Secretaría.

Artigo 6. Da Presidencia.

1. A persoa que desempeñe a Alcaldía do Concello de Santiago de Compostela presidirá o Consello do Medio Rural, sen prexuízo da súa delegación noutro concelleiro.

2. Correspóndenlle á Presidencia as seguintes funcións:

- a) Representar o Consello.
- b) Convocar e presidir as sesións do Consello e das súas comisións, se as houbese.
- c) Velar polo cumprimento dos acordos do Consello e das súas normas de funcionamento.
- d) Someter iniciativas e propostas á consideración do Consello.
- e) Dirimir co seu voto de calidade os empates para os efectos de adoptar acordos.

3. A Presidencia poderá delegar a representación do Consello, para asuntos concretos, nas Vicepresidencias ou en calquera dos vogais.

Artigo 7. Da Vicepresidencia.

1. A Vicepresidencia do Consello estará integrada por dúas Vicepresidencias.

A Vicepresidencia primeira será a persoa titular da Concellería competente para os asuntos do Medio Rural.

A persoa titular da Vicepresidencia segunda será designada polo Consello a proposta da Presidencia.

2. A persoa que ostente a Vicepresidencia primeira, asumirá a Presidencia en caso de vacante, ausencia ou enfermidade do Presidente.

Artigo 8. Dos vogais.

1. Serán vogais do Consello:

- Unha persoa representante de cada un dos grupos políticos municipais da Corporación.
- Seis persoas que representen ás asociacións veciñais do ámbito rural do Concello.

2. As asociacións veciñais deberán estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

3. Os representantes das asociacións veciñais serán designados entre os seus socios polo procedemento contemplado neste Regulamento.

Artigo 9. Da Secretaría.

1. A Secretaría do Consello será desempeñada polo titular da Secretaría Xeral do Pleno ou funcionario en quen delegue, sen prexuízo da designación dun suplente.

2. Son funcións da Secretaría:

- a) Realizar as tarefas administrativas do Consello.
- b) Preparar a documentación das sesións e comunicar a súa convocatoria xuntando a orde do día.
- c) Asistir ás sesións, con voz pero sen voto, elaborar as súas actas e dar o curso correspondente aos acordos que se adopten.
- d) Expedir, co visto e praxe da Presidencia, as certificacións sobre actos e acordos do Consello.
- e) Levar o rexistro de membros do Consello.
- f) As demais que lle sexan encomendadas pola Presidencia do Consello.

3. No caso de ausencia, vacante ou enfermidade, o secretario do Consello será substituído nas súas funcións por quen fose designado como suplente.

Artigo 10. Convocatoria das sesións.

1. As sesións ordinarias do Consello deberán convocarse cunha antelación mínima de cinco días naturais e as sesións extraordinarias cun mínimo de dous días de antelación.

A convocatoria das sesións realizarase por medios electrónicos.

2. Os documentos e información relativa aos asuntos incluídos na orde do día estará á disposición dos membros desde a súa convocatoria.

3. Os membros do Consello poderán formular as propostas ou achegar os documentos que estimen convenientes aos asuntos incluídos na orde do día desde a súa convocatoria e ata un día antes da sesión.

Artigo 11. Réxime das sesións.

1. As sesións do Consello terán carácter ordinario ou extraordinario.

As sesións ordinarias terán unha periodicidade semestral. Así mesmo, o Consello celebrará sesións extraordinarias cando o decida a Presidencia, por propia iniciativa ou por solicitude dun terzo dos compoñentes.

2. As sesións do Consello serán públicas e desenvolveranse no edificio municipal que designe a Presidencia na convocatoria.

3. O Consello poderá celebrar as súas sesións de xeito presencial ou por medios telemáticos.

Os medios electrónicos ou telemáticos deberán permitir a acreditación da identidade dos participantes, o contido das súas manifestacións, o momento no que estas se producen, a interacción e intercomunicación en tempo real e a dispoñibilidade

daqueles medios durante a sesión, co gallo de permitir a súa efectiva participación nos debates, a constancia do sentido das votacións e a adopción dos acordos.

4. Para a válida constitución do Consello requirirase, a asistencia, persoal ou telemática, en primeira convocatoria da maioría absoluta do número legal dos seus membros, titulares ou suplentes, e das persoas titulares da Presidencia e da Secretaría ou de quen as substitúan.

En segunda convocatoria será suficiente a asistencia dun terzo do número legal dos membros, titulares ou suplentes, e das persoas titulares da Presidencia e da Secretaría ou de quen as substitúan.

As sesións poderán celebrarse en segunda convocatoria logo do transcurso de, ao menos, media hora dende a primeira convocatoria.

5. Non poderán ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día das sesións, agás que sexa declarada a súa urxencia polo voto favorable da maioría absoluta do número legal dos seus membros.

6. A Presidencia poderá convidar ás sesións do Consello a calquera persoa experta, profesional, organización ou entidade cuxo asesoramento se xulgue de interese para os temas tratados.

7. O Consello do Medio Rural adoptará os seus acordos, como regra xeral, por maioría simple dos membros que asistan. En caso de empate, decidirá o voto de calidade da Presidencia.

O voto será persoal e indelegable e non se admitirá o voto por correo.

Artigo 12. Comisións de traballo.

1. As comisións de traballo son grupos cuxa finalidade é elaborar informes e propostas, así como desenvolver, baixo a supervisión do Consello, os proxectos ou programas que este órgano lles encomendase nas materias da súa competencia.

2. O Consello poderá crear, con carácter temporal ou permanente, as comisións de traballo que considere oportunas. O acordo de creación determinará o seu cometido e organización interna.

Se a comisión ten carácter permanente, o acordo de creación poderá fixar os prazos para a renovación periódica dos seus membros.

3. As comisións de traballo estarán integradas por un mínimo de catro membros do Consello e poderán formar parte delas outras persoas que non teñan a condición de membros, designadas por aquel en número non superior á metade dos primeiros.

A coordinación da Comisión corresponderalle a un membro do Consello.

Disposición adicional. Procedemento para a elección de representantes das asociacións veciñais no Consello do Medio Rural.

1. Os vogais do Consello do Medio Rural serán designados de entre as entidades veciñais que reúnan os requisitos sinalados nos artigos 1 e 2 do Regulamento para a

elección de representantes veciñais no Consello de Relacións Veciñais á data da convocatoria do proceso electoral, e cuxo ámbito de actuación se se sitúe no ámbito rural.

2. A convocatoria do proceso electoral realizarase por decreto da Alcaldía, no que se fixará o calendario electoral e a data e lugar de celebración da elección.

Para evitar interferencias entre os procesos electorais, a elección dos vogais do Consello realizarase despois das eleccións municipais.

3. O censo das asociacións con dereito de voto será elaborado pola Secretaría Xeral do Pleno dous meses antes da votación.

O censo exporase ao público, habilitando un prazo para a presentación de reclamacións de dez días hábiles. Finalizado o prazo de exposición pública e resoltas, no seu caso, as reclamacións presentadas, publicarase o censo definitivo.

4. No día da votación constituirase unha a mesa electoral, presidida pola persoa titular da Alcaldía ou persoa en quen delegue, dous vogais, e un secretario, que será o secretario xeral do Pleno ou empregado público no que delegue.

Os vogais e os seus suplentes escolleranse mediante sorteo público entre as asociacións veciñais incluídas no censo electoral.

As entidades veciñais designadas como membros da mesa electoral comunicarán, no prazo dos dez días seguintes ao do sorteo, a identidade da persoa da Xunta Directiva que as representará.

5. Unha vez constituída a mesa electoral, do que se estenderá acta, comezará a votación na hora sinalada no decreto de convocatoria.

A votación será secreta e realizarase en urna habilitada para ese fin.

O dereito a votar acreditarase coa inscrición no censo electoral. Ostentará o dereito material ao voto das entidades censadas quen as presida ou persoa na que delegue, quen deberán acreditar a condición mediante un documento oficial de identidade (DNI, NIE, pasaporte etc) e certificación acreditativa da representación expedida para estes efectos.

6. Na votación empregaranse papeletas axustadas ao modelo aprobado no decreto de convocatoria, que se porán a disposición en número suficiente.

Cada representante veciñal poderá votar a un máximo de tres persoas candidatas. Se o número de candidatos ou candidatas votado supera o indicado, o voto será nulo.

Serán nulos ou brancos os votos nos supostos contemplados na lexislación de réxime electoral xeral.

7. Concluída a votación, a mesa electoral fará públicos os resultados inmediatamente e procederá á proclamación provisional das persoas candidatas elixidas, outorgando un prazo de cinco días hábiles para a presentación de reclamacións.

No prazo de cinco días hábiles seguintes ao remate do prazo para reclamacións, a mesa electoral resolverá as que se presentarán e realizará a proclamación definitiva das persoas candidatas elixidas.

8. No non previsto neste Regulamento sobre a elección ou perda da condición de vogal do Consello do Medio Rural, estarase ao disposto no Regulamento para a elección de representantes veciñais no Consello de Relacións Veciñais.

Disposición transitoria. Elección dos vogais representantes das asociacións veciñais que integrarán o primeiro Consello do Medio Rural.

O proceso para a elección dos vogais que representarán ás asociacións do medio rural na constitución do primeiro Consello do Medio Rural convocarase logo de constituírse a Corporación Municipal do mandato 2023-2027.

Disposición final. Entrada en vigor.

O presente regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e logo de transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

3. PLANEAMENTO. Referencia: 2023/00013142J.

APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE PARA A DOTACIÓN DE ACCESIBILIDADE AOS INMOBLES DE VIVENDA COLECTIVA EMPRAZADOS NA RÚA DO PENEDO, NÚMERO 56 A 68 (CORREDOIRA DA CAMPSA).

A proposta é do seguinte teor literal:

“Con data 17 de marzo de 2023, o Servizo de Planeamento e Xestión Urbanística emitiu o seguinte informe-proposta, en relación co Estudo de detalle para a definición urbanística da dotación de accesibilidade aos inmobles de vivenda colectiva emprazados na rúa do Penedo 56 a 68 (Corredoira da Campsa):

“ANTECEDENTES

O estudo de detalle formúlase de oficio polo Concello de Santiago co obxecto principal de mellorar as condicións de accesibilidade aos edificios números 56 a 68 da rúa do Penedo (tamén coñecida como Corredoira da Campsa)

1. Planeamento vixente

Os inmobles afectados inclúense no ámbito de aplicación da ordenanza 9 A do Plan xeral vixente (artigo 146), correspondente a *actuacións unitarias consolidadas* de vivenda colectiva. A citada ordenanza esixe o mantemento do carácter unitario do conxunto, se ben permite que, mediante a aprobación dun estudo de detalle e a través dun proxecto unitario, se introduzan elevadores e outros elementos co fin de mellorar as condicións de accesibilidade das vivendas, mesmo mediante *desafectación* do dominio público dos terreos afectados.

A ordenanza 9A tamén dispón o seguinte:

Excepcionalmente poderán ordenarse, mediante estudo de detalle de ordenación de volumes, aumentos na edificabilidade ata un máximo do 15% da existente sen

incrementa-lo número total de vivendas. Estas ordenacións afectarán ó conxunto da actuación unitaria cualificada, non supoñerán alteración substancial da tipoloxía edificatoria e irán acompañadas dun proxecto global de mellora das condicións da urbanización para a totalidade do ámbito ordenado.

2. Contido do estudo de detalle

O proxecto define as condicións de intervención nos edificios existentes e no espazo público para permitir a implantación de ascensores e outras actuacións de mellora da accesibilidade e da funcionalidade das vivendas.

Analizadas distintas solucións o estudo de detalle prevé a instalación dos ascensores na fachada posterior dos edificios, ocupando ao efecto un espazo público de titularidade municipal cualificado como zona verde (ZV SUNP-15). Esta solución obriga a colocar un novo núcleo de comunicación vertical na fachada traseira, e esixe crear un itinerario accesible que permita acceder aos portais dende o espazo público. Ao mesmo tempo, aprobeitase a disposición deste novo núcleo de comunicación para mellorar a habitabilidade das vivendas, dispoñendo tendedeiros e incrementando a superficie útil das estancias vinculadas á fachada posterior. Estes espazos privativos computan edificabilidade e dispóñense integramente sobre solo de titularidade privada.

O estudo de detalle fixa as novas liñas de ocupación pola edificación privada e polos ascensores, e establece os criterios de reurbanización e acondicionamento do espazo público afectado pola actuación.

3. Delimitación de ámbito de actuación sobre o medio urbano

As actuacións sobre o medio urbano defínense no artigo 2.1 do Texto refundido da lei do solo (TRLRS, aprobado polo RD lexislativo 7/2015) como actuacións de rehabilitación edificatoria dirixidas a mellorar as condicións de funcionalidade, seguridade e habitabilidade das edificacións existentes.

De conformidade co regulado no artigo 24 do TRLRS, requírese un acordo específico de delimitación do ámbito da actuación, cuxa aprobación definitiva habilita directamente a ocupación *de espazos libres ou de dominio público que resulten indispensables para a instalación de ascensores ou outros elementos que garantan a accesibilidade universal, así como as superficies comúns de uso privativo (...), cando non resulte viable, técnica ou economicamente, ningunha outra solución e sempre que quede asegurada a funcionalidade dos espazos libres, dotacións e demais elementos do dominio público* (art. 24.4).

Análoga disposición se contén no artigo 13.2 da Lei 1/2019 de *rehabilitación, de rexeneración e de renovación urbanas de Galicia (LRRR)*, así como no artigo 99.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia, que permite a ocupación de *elementos privativos e comúns* coa mesma finalidade.

En todo caso, a aprobación definitiva da delimitación é causa suficiente para que se estableza, ben unha *cesión de uso do voo polo tempo en que se manteña a edificación*, ben a *recualificación e desafectación* do dominio público para acordar o seu alleamento, a favor da comunidade das persoas propietarias.

Os mesmos efectos son de aplicación aos espazos requiridos para realizar obras de mellora da eficiencia enerxética cando cumpran os requisitos sinalados nos artigos 24.5 do TRLS e 13.3 da LRRR.

O artigo 13.5 da LRRR dispón que as actuacións dirixidas á mellora de accesibilidade e da eficiencia enerxética *non computarán para os efectos de edificabilidade, volume máximo edificable e ocupación de parcela, nin de distancias mínimas a lindeiros, outras edificacións, espazos públicos e vías públicas, ou cumprimento de aliñacións, sempre que así o estableza o acordo de delimitación do ámbito.*

Por outra banda, o Anexo ao Regulamento de desenvolvemento da lei do solo de Galicia (RLSG), no seu apartado 7 sinala que “*non computarán como aumento de volume*”, entre outras, as instalacións de mellora da accesibilidade así como as de mellora da envolvente que reduzan a demanda enerxética en edificios existentes.

4. Resultado do trámite de participación pública e informes sectoriais

En aplicación do procedemento regulado nos artigos 80.2 da Lei 2/2016 do solo de Galicia e 194 do seu Regulamento, o estudio de detalle aprobouse inicialmente pola Xunta de Goberno o 21 de decembro de 2020 e someteuse a información pública durante o prazo dun mes, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia e no xornal El Correo Gallego o día 6 de abril de 2021. Simultaneamente, practicouse notificación persoal a todos os titulares dos terreos afectados, segundo figuran no Catastro, e publicouse edicto no Boletín Oficial do Estado de 6.04.21.

Durante o trámite de participación pública formulouse unha única alegación, asinada por don Miguel Ángel Hernández Ares en representación da Comunidade de Propietarios dos números 56 a 68 da rúa do Penedo, que é obxecto de exame no informe asinado pola arquitecta de Planeamento o 16 de marzo de 2023.

No expediente consta informe favorable da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, asinada o 23 de abril de 2021.

CONSIDERACIÓNS

Pola Sección de Planeamento elaborouse un Estudo de detalle reformado, adaptado ás Normas técnicas de planeamento, que incorpora o traballo xa realizado polo equipo técnico contratado ao efecto (ARROKABE) coas adaptacións á normativa vixente. Introdúcense ademais cambios non substanciais para acoller algunhas das cuestións suscitadas na alegación presentada, segundo se describen no informe da arquitecta municipal.

O órgano competente para adoptar o acordo de aprobación definitiva do estudo de detalle é o Pleno Municipal, por maioría simple (artigo 123 da Lei 7/1985 de bases de réxime local, apartados 1.i) e 2).

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse á Comisión de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio rural e Servizos, que ditamine o seguinte asunto:

a) Aprobar definitivamente o **Estudo de detalle para a definición urbanística da dotación de accesibilidade aos inmobles de vivenda colectiva emprazados na**

rúa do Penedo 56 a 68 (Corredoira da Campsa), segundo o documento reformado elaborado pola Sección de Planeamento en marzo de 2023.

b) Aprobar definitivamente a **delimitación do ámbito da actuación sobre o medio urbano**, para os efectos do disposto nos artigos 24 do Texto refundido da lei do solo (RD lexislativo 7/2015) e 13 da Lei 1/2019 *de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas de Galicia*.

Ao abeiro do que dispón o artigo 13.5 da precitada Lei 1/2019, acórdase que as instalacións de mellora da accesibilidade e de eficiencia enerxética previstas no estudo de detalle **non computarán** para os efectos de edificabilidade, volume máximo edificable e ocupación de parcela, nin de distancias mínimas a lindeiros, outras edificacións, espazos públicos e vías públicas, ou cumprimento de aliñacións.

A aprobación definitiva do estudo de detalle habilita a ocupación do espazo público afectado a favor da Comunidade de propietarios dos edificios existentes, podendo acordarse a cesión de uso do voo do espazo público durante o tempo en que se manteña a edificación, ou, de estimarse procedente, o seu alleamento.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa urbanística publicarase no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o estudo de detalle no Rexistro Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.”

Con data 23 de marzo de 2023, a Comisión Informativa de Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos emitiu un ditame favorable á proposta contida no informe anteriormente transcrito.

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno da Corporación, adoptar o seguinte acordo:

a) Aprobar definitivamente o Estudo de detalle para a definición urbanística da dotación de accesibilidade aos inmobles de vivenda colectiva emprazados na rúa do Penedo 56 a 68 (Corredoira da Campsa), segundo o documento reformado elaborado pola Sección de Planeamento en marzo de 2023.

b) Aprobar definitivamente a delimitación do ámbito da actuación sobre o medio urbano, para os efectos do disposto nos artigos 24 do Texto refundido da lei do solo (RD lexislativo 7/2015) e 13 da Lei 1/2019 *de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas de Galicia*.

Ao abeiro do que dispón o artigo 13.5 da precitada Lei 1/2019, acórdase que as instalacións de mellora da accesibilidade e de eficiencia enerxética previstas no estudo de detalle non computarán para os efectos de edificabilidade, volume máximo edificable e ocupación de parcela, nin de distancias mínimas a lindeiros, outras edificacións, espazos públicos e vías públicas, ou cumprimento de aliñacións.

A aprobación definitiva do estudo de detalle habilita a ocupación do espazo público afectado a favor da Comunidade de propietarios dos edificios existentes, podendo acordarse a cesión de uso do voo do espazo público durante o tempo en que se manteña a edificación, ou, de estimarse procedente, o seu alleamento.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa urbanística publicarase no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o estudo de detalle no Rexistro Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

Rematado o debate que se fixo conxuntamente do presente punto e do seguinte, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda:

a) Aprobar definitivamente o Estudo de detalle para a definición urbanística da dotación de accesibilidade aos inmobles de vivenda colectiva emprazados na rúa do Penedo 56 a 68 (Corredoira da Campsa), segundo o documento reformado elaborado pola Sección de Planeamento en marzo de 2023.

b) Aprobar definitivamente a delimitación do ámbito da actuación sobre o medio urbano, para os efectos do disposto nos artigos 24 do Texto refundido da lei do solo (RD lexislativo 7/2015) e 13 da Lei 1/2019 *de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas de Galicia*.

Ao abeiro do que dispón o artigo 13.5 da precitada Lei 1/2019, acórdase que as instalacións de mellora da accesibilidade e de eficiencia enerxética previstas no estudo de detalle non computarán para os efectos de edificabilidade, volume máximo edificable e ocupación de parcela, nin de distancias mínimas a lindeiros, outras edificacións, espazos públicos e vías públicas, ou cumprimento de aliñacións.

A aprobación definitiva do estudo de detalle habilita a ocupación do espazo público afectado a favor da Comunidade de propietarios dos edificios existentes, podendo acordarse a cesión de uso do voo do espazo público durante o tempo en que se manteña a edificación, ou, de estimarse procedente, o seu alleamento.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa urbanística publicarase no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o estudo de detalle no Rexistro Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

4. PLANEAMENTO. Referencia: 2022/00022200J.

SOLICITUDE DE INICIO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA DA

MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM PARA A FIXACIÓN DE ALIÑACIÓNS NO NÚCLEO DE CODESEDAS.

A proposta é do seguinte teor literal:

“A xefa da Sección de Xestión Urbanística, con data 17 de marzo de 2023 e en relación coa *Modificación puntual (MP) do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) para a fixación de aliñacións no núcleo de Codesedas* emitiu o seguinte informe, ao que presta o seu conforme o secretario de Administración Municipal:

“ANTECEDENTES

O proxecto elaborouse por ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO S.A., a instancia de don MANUEL ENJO GARAZO, co obxecto de reflectir nos planos de ordenación do PXOM o trazado dun camiño público existente no núcleo de Codesedas (rúa do Vencello) .

Tanto a formulación do plan xeral como a súa modificación atópanse legalmente excluídas da iniciativa particular (artigos 103.2 e 160 do RLSG), pero o Concello pode impulsar a tramitación de oficio das propostas de planeamento que se presenten polos particulares interesados cando se fundamentan en motivos de interese público.

No informe da arquitecta municipal de Planeamento considérase de interese xeral incorporar á rede viaria do plan o camiño existente, que constitúe o único acceso ao equipamento municipal existente na zona (centro sociocultural de Codesedas).

1. Planeamento vixente

O PXOM vixente clasifica o ámbito como solo de núcleo rural (ordenanza 14), e sinala aliñacións en todo o tramo da rúa do Vencello que discorre máis ao norte.

No tramo da mesma rúa que discorre ao leste do equipamento RE-13.1 o Plan xeral non sinala aliñacións.

2. Contido e alcance da Modificación proposta

A Modificación pretende reflectir o trazado deste tramo do camiño que discorre ao leste do equipamento RE-13.1, e que figura no roteiro municipal e nos planos da concentración parcelaria da zona, sendo actualmente a única vía de acceso á dotación pública existente.

No solo de núcleo rural corresponde ao plan xeral o trazado da rede viaria pública e o sinalamento de aliñacións (artigos 55.1.c da LSG e 122.c do Regulamento), sendo un criterio preferente de ordenación o mantemento da trama urbana e do rueiro existente (artigos 104.2 e 40.1.e do RLSG)

Consonte aos anteriores criterios, incorpórase o camiño existente ao trazado da rede viaria local, e sinálanse as aliñacións dos terreos lindantes, garantindo o recuamento mínimo previsto no artigo 217 do Regulamento (4 metros ao eixe).

A Modificación proposta non altera a clasificación urbanística do solo afectado (núcleo rural) nin a ordenanza aplicable (ordenanza 14), afectando unicamente ao trazado da rede viaria e ás aliñacións definidas no correspondente plano de ordenación do

PXOM, sen que sexa preciso efectuar cambios en ningún outro documento do Plan xeral.

3. Avaliación ambiental estratéxica simplificada

Consonte ao previsto no artigo 46.2.a) da LSG, as modificacións puntuais do plan xeral de ordenación municipal serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada.

O artigo 29 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental esixe remitir ao órgano ambiental, ademais do Borrador do plan, un Documento ambiental estratéxico (DAE), que conterá polo menos a seguinte información:

- a) Os obxectivos da planificación.*
- b) O alcance e contido do plan proposto e das súas alternativas razoables, técnica e ambientalmente viables.*
- c) O desenvolvemento previsible do plan.*
- d) Unha caracterización da situación do medio ambiente antes do desenvolvemento do plan no ámbito territorial afectado.*
- e) Os efectos ambientais previsibles e, se procede, a súa cuantificación.*
- f) Os efectos previsibles sobre os plans sectoriais e territoriais concorrentes.*
- g) A motivación da aplicación do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada.*
- h) Un resumo dos motivos da selección das alternativas contempladas.*
- i) As medidas previstas para previr, reducir e, na medida do posible, corrixir calquera efecto negativo relevante no medio ambiente da aplicación do plan, tomando en consideración o cambio climático.*
- j) Unha descrición das medidas previstas para o seguimento ambiental do plan.*

Dado o limitado alcance e efectos ambientais da modificación proposta non se analizan máis alternativas de ordenación que a 0 -manter o plan vixente- e a 1, consistente en incorporar o trazado do camiño existente sinalando as aliñacións resultantes.

O Borrador do plan deberá conter “as liñas esenciais do planeamento”, permitindo “coñecer os seus criterios, obxectivos e solucións xerais, así como a súa análise urbanística” (artigo 144.2 do RLSG). Este Borrador ten un alcance meramente “*preparatorio*”, posto que a súa finalidade é permitir avaliar a incidencia ambiental da ordenación proposta.

4. Procedemento e órgano competente

A modificación, en canto afecta á ordenación detallada incorporada ao PXOM vixente, haberá de tramitarse a través do procedemento regulado nos artigos 60 da Lei 2/2016 *do solo de Galicia (LSG)* e 144 do seu Regulamento de desenvolvemento.

Segundo o regulado no artigo 18.2 da Lei 21/2013 (LAA), o “*órgano substantivo*” comprobará se a documentación presentada cumpre ou non cos requisitos esixidos pola citada Lei, así como, de ser o caso, coa esixida pola lexislación sectorial de aplicación, e ordenará, se procede, a remisión da documentación ao órgano ambiental, quen adoptará a resolución que corresponda.

O artigo 5.1.d) da mesma lei atribúe a condición de órgano substantivo ao “órgano da administración pública que posúe as competencias para aprobar o plan”, sinalando

que nas entidades locais estas funcións corresponderán ao órgano da administración autonómica ou local que determine a lexislación autonómica (artigo 11.3).

O artigo 61.2 da Lei 2/2016 do solo de Galicia atribúe aos Concellos a competencia para aprobar definitivamente os plans xerais dos municipios de máis de 50.000 habitantes, e remite a designación do órgano competente municipal ao establecido na lexislación de réxime local.

Nos Concellos incluídos no ámbito de aplicación do Título X da Lei de bases de réxime local (LBRL), resérvase ao Pleno Municipal a competencia para a aprobación inicial do planeamento xeral (artigo 123.1.i), a diferenza do que ocorre co planeamento de desenvolvemento, cuxa aprobación inicial compete á Xunta de Goberno (alíneas c) e d) do artigo 127.1)

En consecuencia, parece razoable entender que ao se tratar dunha modificación do planeamento xeral, o órgano substantivo é o Pleno Municipal, para os efectos do previsto no artigo 18.2 da Lei 21/2013.

A decisión que corresponde adoptar ao órgano substantivo nesta fase de inicio límitase a comprobar se a documentación presentada cumpre ou non os requisitos esixidos polo artigo 29.1 da LAA, para os efectos de ordenar a súa remisión ao órgano ambiental.

CONSIDERACIÓNS

1ª. A modificación fundaméntase en razóns de interese público, que aconsellan integrar o camiño existente na rede viaria pública local e garantir o acceso á dotación pública RE.13.1, polo que se estima procedente que o Concello impulse de oficio a Modificación puntual do PXOM vixente coa finalidade de reflectir en planos de ordenación a vía existente e as aliñacións resultantes.

2ª. O proxecto consta redactado por un arquitecto coa titulación universitaria requirida no artigo 85.1 do RLSG.

3ª. A documentación presentada reúne o contido mínimo esixido polo artigo 29 da *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental*, segundo indica o informe da arquitecta municipal de data 24 de novembro de 2022.

4ª. O Pleno Municipal ten atribuída a competencia para a aprobación inicial, provisional e definitiva do planeamento xeral, polo que tamén ten a condición de *órgano substantivo* segundo o artigo 5.1.d) da Lei 21/2013 de avaliación ambiental.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno da Corporación, previo ditame que deberá emitir a Comisión de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte acordo:

Primeiro. Remitir á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a Solicitud de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da Modificación puntual do PXOM para a fixación de aliñacións no núcleo de Codesedas, promovida polo Concello de Santiago.

A solicitude acompañarase do Borrador e do Documento ambiental estratéxico presentados o 3 de maio de 2022, elaborados por ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO S.A.

Segundo. Solicitar do órgano ambiental que dea cumprimento aos trámites regulados nos artigos 60.4 da LSG e 144.4 do seu Regulamento.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da **maioría absoluta** do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.”

Con data 23 de marzo de 2023, a Comisión Informativa de Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos emitiu un ditame favorable á proposta contida no informe anteriormente transcrito.

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno da Corporación, adoptar o seguinte acordo:

Primeiro. Remitir á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a Solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da Modificación puntual do PXOM para a fixación de aliñacións no núcleo de Codesedas, promovida polo Concello de Santiago.

A solicitude acompañarase do Borrador e do Documento ambiental estratéxico presentados o 3 de maio de 2022, elaborados por ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO S.A.

Segundo. Solicitar do órgano ambiental que dea cumprimento aos trámites regulados nos artigos 60.4 da LSG e 144.4 do seu Regulamento.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda:

Primeiro. Remitir á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a Solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da Modificación puntual do PXOM para a fixación de aliñacións no núcleo de Codesedas, promovida polo Concello de Santiago.

A solicitude acompañarase do Borrador e do Documento ambiental estratéxico presentados o 3 de maio de 2022, elaborados por ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO S.A.

Segundo. Solicitar do órgano ambiental que dea cumprimento aos trámites regulados nos artigos 60.4 da LSG e 144.4 do seu Regulamento.

5. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2023-REC-03. APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 2023-REC-03 POR IMPORTE DE 389.932,74 € PARA APROBAR UNHA SERIE DE FACTURAS EN SITUACIÓN DE OPA A 31.12.2022.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

1. Vista toda a documentación que forma parte dos expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito (en diante REC) derivados dunha serie de facturas en situación de OPA a 31.12.2022 incluídas neste expediente a tramitar que suman un total de **389.932,74 euros**, xunto cos seus respectivos informes de fiscalización e propostas plenarias para o seu recoñecemento extraxudicial de crédito remitidas polos distintos centros xestores afectados.
2. Vista a dilixencia emitida con data 22.03.2023 polo titular accidental do órgano de xestión orzamentaria e contabilidade en relación a integridade da documentación achegada aos efectos da tramitación deste expediente.
3. Visto o ditame da Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración Local, Facenda e Especial de contas, na súa sesión extraordinaria do día 27.03.2023.

CONSIDERACIÓNS

I. NORMATIVA APLICABLE

Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEASF).

Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 34 a 38 e 60.2.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Instrución do modelo normal de contabilidade para a administración local aprobada pola Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro (ICAL).

Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven obrigas de información previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público. (LCSP-2017)

Base 30ª das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2022 prorrogadas ao exercicio 2023.

II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Con motivo dos traballos preparatorios do peche do orzamento do exercicio 2022, púxose de manifesto a existencia dunha serie de operacións pendentes de aplicar ao orzamento (conta 413) do exercicio 2022.

Por definición os gastos rexistrados na conta 413 responden a actuacións efectivamente realizadas ao longo do ano 2022, ou bens e servizos recibidos no mesmo período, respecto dos que non se produciu a súa aplicación ao orzamento correspondente por diversos motivos sinalados nos informes de Intervención que se encontran a disposición dos membros do Pleno na documentación que se achega xunto coas propias facturas ou documentos xustificativos e demais documentación que forman os respectivos expedientes de tramitación de gasto.

A case totalidade do saldo de obrigas pendentes de imputación orzamentaria que se incorporan neste expediente de REC corresponden a prestacións efectivamente realizadas e recibidas a meirande parte delas ao longo do ano 2022, nos termos das actas de conformidade remitidas polos centros xestores responsables de cada actuación, cuxa aprobación, e conseguinte rexistro no estado de gastos do orzamento municipal, propónse neste intre a través do correspondente recoñecemento extraxudicial polo antedito importe.

Sen prexuízo da análise que no seu caso se faga da orixe da falta de imputación orzamentaria, resulta que unha serie de empresas e persoas presentaron no Concello facturas e documentos xustificativos de gastos devengados no ano 2022, efectivamente recibidos nos termos dos conformes que se achegan ao expediente, que cómpre aprobar previamente ao pagamento que evite incorrer nun suposto de enriquecemento inxusto da propia Administración. O cauce procedemental especificamente habilitado para estes efectos é o recoñecemento extraxudicial de créditos.

Os principios de anualidade orzamentaria e de temporalidade dos créditos determinan que por conta do estado de gastos do orzamento só poden contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Sen obviar a importancia de cumprir esta premisa, a xestión de determinados tipos de gasto vese afectada por factores de difícil predición e mesmo por discordancias temporais entre a execución material das prestacións, a recepción dos documentos xustificativos, o seu vencemento e a tramitación do procedemento administrativo tendente ao recoñecemento das correspondentes obrigacións, que explican que conte cunha serie de excepcións regradas nos artigos 26.2 e 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril, alusivos ás obrigas procedentes de exercicios anteriores imputadas ao orzamento en curso a través do recoñecemento extraxudicial de créditos.

Para estes efectos, na base 30ª das de execución do orzamento 2022 prorrogada ao exercicio 2023, establécense os supostos en que procede a aplicación do REC, os requisitos circunstanciais e orzamentarios que deben concorrer, a competencia para a súa aprobación e o contido mínimo do expediente a tramitar. Neste sentido, o procedemento establecido nesta base limita a utilización do REC para a imputación a orzamento de obrigas indebidamente comprometidas en exercicios anteriores, sendo a competencia para a súa aprobación o Pleno da Corporación.

III. PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS GASTOS REXISTRADOS A 31.12.2022 NA CONTA 413 CORRESPONDENTES A ACREDORES PENDENTES DE IMPUTAR AO ORZAMENTO. RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS.

Achégase formando parte deste expediente, un listado como anexo nº I coa relación das facturas en situación de OPA a 31.12.2022 que precisan da toma dun acordo de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos para a súa aprobación por importe total de

389.932,74 euros, sendo necesario aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias tamén relacionadas.

De conformidade co establecido na base 30ª das Bases de execución do Orzamento Municipal do exercicio 2022 prorrogadas ao exercicio 2023 e no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, e demais disposicións vixentes na materia.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Recoñecer extraxudicialmente as obrigas derivadas da aprobación das facturas recollidas no listado anexo nº I que forma parte deste expediente reflectidas na conta 413 a 31.12.2022 por importe total de 389.932,74 euros e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias tamén relacionadas.”

Rematado o debate que se fixo conxuntamente co punto seguinte, o Pleno da Corporación por 9 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE e do concelleiro non adscrito (8 PSdeG-PSOE e 1 N/A), e 15 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), acorda:

Recoñecer extraxudicialmente as obrigas derivadas da aprobación das facturas recollidas no listado anexo nº I que forma parte deste expediente reflectidas na conta 413 a 31.12.2022 por importe total de 389.932,74 euros e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias tamén relacionadas.

6. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2023-REC-04. APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 2023-REC-04 POR IMPORTE DE 124.641,01 € PARA APROBAR UNHA SERIE DE FACTURAS EN SITUACIÓN DE OPA A 31.12.2022.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

1. Vista toda a documentación que forma parte dos expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito (en diante REC) derivados dunha serie de facturas en situación de OPA a 31.12.2022 incluídas neste expediente a tramitar que suman un total de **124.641,01 euros**, xunto cos seus respectivos informes de fiscalización e propostas plenarias para o seu recoñecemento extraxudicial de crédito remitidas polos distintos centros xestores afectados.

2. Vista a dilixencia emitida con data 22.03.2023 polo titular accidental do órgano de xestión orzamentaria e contabilidade en relación a integridade da documentación achegada aos efectos da tramitación deste expediente.

3. Visto o ditame da Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración Local, Facenda e Especial de contas, na súa sesión extraordinaria do día 27.03.2023.

CONSIDERACIÓNS

I. NORMATIVA APLICABLE

Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEASF).

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 34 a 38 e 60.2.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Instrución do modelo normal de contabilidade para a administración local aprobada pola Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro (ICAL).

Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven obrigas de información previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público. (LCSP-2017)

Base 30ª das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2022 prorrogadas ao exercicio 2023.

II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Con motivo dos traballos preparatorios do peche do orzamento do exercicio 2022, púxose de manifesto a existencia dunha serie de operacións pendentes de aplicar ao orzamento (conta 413) do exercicio 2022.

Por definición os gastos rexistrados na conta 413 responden a actuacións efectivamente realizadas ao longo do ano 2022, ou bens e servizos recibidos no mesmo período, respecto dos que non se produciu a súa aplicación ao orzamento correspondente por diversos motivos sinalados nos informes de Intervención que se encontran a disposición dos membros do Pleno na documentación que se achega xunto coas propias facturas ou documentos xustificativos e demais documentación que forman os respectivos expedientes de tramitación de gasto.

A case totalidade do saldo de obrigas pendentes de imputación orzamentaria que se incorporan neste expediente de REC corresponden a prestacións efectivamente realizadas e recibidas a meirande parte delas ao longo do ano 2022, nos termos das

actas de conformidade remitidas polos centros xestores responsables de cada actuación, cuxa aprobación, e conseguinte rexistro no estado de gastos do orzamento municipal, propónse neste intre a través do correspondente recoñecemento extraxudicial polo antedito importe.

Sen prexuízo da análise que no seu caso se faga da orixe da falta de imputación orzamentaria, resulta que unha serie de empresas e persoas presentaron no Concello facturas e documentos xustificativos de gastos devengados no ano 2022, efectivamente recibidos nos termos dos conformes que se achegan ao expediente, que cómpre aprobar previamente ao pagamento que evite incorrer nun suposto de enriquecemento inxusto da propia Administración. O cauce procedemental especificamente habilitado para estes efectos é o recoñecemento extraxudicial de créditos.

Os principios de anualidade orzamentaria e de temporalidade dos créditos determinan que por conta do estado de gastos do orzamento só poden contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Sen obviar a importancia de cumprir esta premisa, a xestión de determinados tipos de gasto vese afectada por factores de difícil predición e mesmo por discordancias temporais entre a execución material das prestacións, a recepción dos documentos xustificativos, o seu vencemento e a tramitación do procedemento administrativo tendente ao recoñecemento das correspondentes obrigacións, que explican que conte cunha serie de excepcións regradas nos artigos 26.2 e 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril, alusivos ás obrigas procedentes de exercicios anteriores imputadas ao orzamento en curso a través do recoñecemento extraxudicial de créditos.

Para estes efectos, na base 30ª das de execución do orzamento 2022 prorrogadas ao exercicio 2023, establécense os supostos en que procede a aplicación do REC, os requisitos circunstanciais e orzamentarios que deben concorrer, a competencia para a súa aprobación e o contido mínimo do expediente a tramitar. Neste sentido, o procedemento establecido nesta base limita a utilización do REC para a imputación a orzamento de obrigas indebidamente comprometidas en exercicios anteriores, sendo a competencia para a súa aprobación o Pleno da Corporación.

III. PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS GASTOS REXISTRADOS A 31.12.2022 NA CONTA 413 CORRESPONDENTES A ACREDORES PENDENTES DE IMPUTAR AO ORZAMENTO. RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS.

Achégase formando parte deste expediente, un listado como anexo nº I coa relación das facturas en situación de OPA a 31.12.2022 que precisan da toma dun acordo de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos para a súa aprobación por importe total de **124.641,01 euros**, sendo necesario aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias tamén relacionadas.

De conformidade co establecido na base 30ª das Bases de execución do Orzamento Municipal do exercicio 2022 prorrogadas ao exercicio 2023 e no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, e demais disposicións vixentes na materia.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Recoñecer extraxudicialmente das obrigas derivadas da aprobación das facturas recollidas no listado anexo nº I que forma parte deste expediente reflectidas na conta 413 a 31.12.2022 por importe total de 124.641,01 euros e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias tamén relacionadas.”

O Pleno da Corporación por 9 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE e do concelleiro non adscrito (8 PSdeG-PSOE e 1 N/A), e 15 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), acorda:

Recoñecer extraxudicialmente as obrigas derivadas da aprobación das facturas recollidas no listado anexo nº I que forma parte deste expediente reflectidas na conta 413 a 31.12.2022 por importe total de 124.641,01 euros e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias tamén relacionadas.

7. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA CORRIXIR OS PROBLEMAS DE ACCESIBILIDADE E INUNDACIÓNS RECUPERANDO O TRAZADO ORIXINAL NA SEGUNDA FASE DA REURBANIZACIÓN DE CASTRÓN DOURO E SAR.

A proposición do epígrafe ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición corrixir os problemas de accesibilidade e inundación, recuperando o trazado orixinal na segunda fase da reurbanización de Castrón Douro e Sar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Vía da Prata entra en Compostela polo histórico barrio de Sar, un lugar onde existen neste momento varios edificios que se acaban de rehabilitar ou están en vías de facelo, nunha aposta de persoas que contribúen a fixar poboación e a recuperar espazos que perderon parte do seu esplendor. Unha boa política urbanística humanizadora debe poñer en valor estes edificios, mostralos con fachenda e facilitar, desde a instancia municipal, aquelas melloras que cohesionen e vertebran certos núcleos de casa. Practicamente no inicio da segunda fase da reurbanización de Castrón Douro e Sar existe un núcleo, xusto nas casas colindantes coa Rúa do Olvido, rúa onde tamén son frecuentes as inundacións, que cómpre poñer en valor e acompañar o esforzo feito polas persoas propietarias para respectar os condicionantes patrimoniais que rexen sobre as parcelas que habitan.

E neste momento, a veciñanza de Sar está preocupada porque o proxecto para esta nova fase das obras previstas en Castrón Douro e Sar carece dos estándares de

accesibilidade que requiren que se rebaixe a rasante para facilitar a entrada ás vivendas directamente desde a rúa, corrixindo os desniveis actuais e actuando para evitar as frecuentes inundacións nas casas da contorna. De feito, no proxecto de 2014 xa estaba recollida esa nivelación e foi un compromiso político e do persoal técnico municipal trasladado á veciñanza para recuperar a cota do trazado antigo coas persoas propietarias que realizaron obras de rehabilitación en vivendas da zona. Nalgúns casos, a compra realizouse despois de se facer público o proxecto, que melloraba substancialmente a humanización do espazo, creando unha praza pública e favorecendo lugares de encontro e socialización cun bo acceso aos inmóbeis.

Tendo en conta que o orzamento de execución material previsto para as obras de reurbanización das rúas Castrón Douro e Sar é de 600.000 euros, cun prazo de execución de 12 meses, segundo figura no informe aprobado o 3 de marzo de 2023, considérase necesaria e urxente unha revisión co fin de atender os estándares de accesibilidade como é preceptivo para que cumpra a legalidade e contribúa a garantir os estándares esixidos, xa que non garante a continuidade total dos itinerarios peonís accesíbeis. De feito, isto recóllese na *Orde TMA/851/2021, de 23 de xullo, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados* e na *Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade*.

Por outra parte, é relevante que desde a Comisión de Patrimonio se estude esta zona como un espazo especialmente acaído como unha peza singular de fácil conversión nunha praza dotada dos elementos precisos para se converter nun lugar de encontro.

Cómpre lembrar que con data 06/10/2015 se emitiu un ditame da Comisión Asesora do Patrimonio Histórico do plan especial PE-1 no que se informa favorablemente deste proxecto con condicións, entre as que se atopa:

Deberase incorporar un estudo histórico completo sobre a evolución das rasantes na rúa.

No proxecto actual, con data 03/03/2023, inclúese a descrición da intervención e dise que o trazado xeral e pendentes mantense sensiblemente, se ben se procura obter a maior accesibilidade posíbel a totalidade das edificacións con pequenas rectificacións. Non se planea o rebaixe de rasantes proposto no proxecto redactado no ano 2014 debido ao seu alto custo, maior aínda do previsto nese documento, toda vez que desde Telefónica se advertiu no ano 2019 da inviabilidade de retranquear a súa canalización de fibra óptica, resultando necesario executar outra nova por outras rúas do municipio en substitución da existente. A solución para asegurar o acceso á totalidade de edificacións en condicións de accesibilidade pasa entón pola creación de ramplas de acceso aos patios actuais, resultando en realidade unha solución similar á de proxecto, se ben rebaixa a rasante permitindo o acceso directo desde a rúa a algunhas edificacións, requiría noutras de ramplas para acceder aos zócalos que xurdían nos portais.

Como se pode deducir das palabras literais do informe que se trasladou á Comisión de Patrimonio o pasado 7 de marzo, a solución proposta agora escóllese por un problema económico que é factíbel solucionar de diferentes maneiras (usando remanentes, procurando colaboración doutras administracións...), para alén de só garantir o acceso dalgunhas edificacións, un feito que contradí a normativa vixente.

Neste novo proxecto tamén se detecta unha eiva en canto ao prazo para executar

unha canalización ao longo da rúa *que permita o futuro soterramento* do servizo da rede de electricidade. Este é o momento de soterrar as canalizacións, como debера ser prioritario nesta zona.

É por estas cuestións, que foron trasladadas á concelleira de Urbanismo e ao concelleiro de Obras que o BNG solicitou o pasado 7 de marzo que este punto se retirase da orde do día e que se estudase a posibilidade de recuperar o proxecto orixinal, máis ambicioso e con solucións mellores. Decidiuse daquela deixalo sobre a mesa, tamén coa petición expresa de falar coa veciñanza para coñecer de primeira man as súas necesidades.

Mais, sen mediar ningunha outra conversa nin coa oposición nin coa veciñanza afectada, o domingo 12 de marzo atopamos na prensa local información publicitaria con declaracións do concelleiro de Obras manténdose nunha proposta de reforma da rúa que non deixa de ser un parche ante a situación actual. E todo, sen se aprobar a proposta na Comisión de Patrimonio.

Cómpre lembrar que en xullo 2020 se aprobou unha iniciativa do BNG -cos votos a favor de BNG e CA e mais as abstencións de PP e PSOE- para que o Goberno local realizase as xestións necesarias e incluíse nos Orzamentos de 2021 a consignación para executar as obras de reurbanización da rúa de Sar co fin de lle dar continuidade á actuación realizada en Patio de Madres e Castrón Douro. Tratábase de lle dar continuidade cara a Calzada de Sar para unificar o tratamento da reurbanización, co obxectivo de mellorar a superficie destinada tanto para tráfico rodado como peonil, que se encontran nunha situación con moito deterioro e presentan problemas de seguranza viaria.

Tamén esta foi unha das propostas do BNG incluídas nos proxectos para realizar con remanentes de tesouraría e tamén se aprobou na memoria dos Orzamentos de 2022 cunha cantidade de 420.000 euros.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago, a través dos departamentos e do órgano de Goberno local correspondentes, realizará as xestións necesarias para corrixir os problemas de accesibilidade e de inundacións no proxecto das obras previstas en Castrón Douro, para alén de proceder á humanización de espazos de encontro e lecer, que poñan en valor edificios singulares na entrada en Compostela pola Vía da Prata. Para o conseguir, entre outras cuestións, a rasante do trazado da rúa debe ficar o máis próxima posíbel ao nivel de entrada das vivendas, como estaba comprometido coa veciñanza e previsto inicialmente co obxectivo de cumprir os estándares da Lei de Accesibilidade e na Orde TMA/851/2021 pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados.”

Rematado o debate que se fixo conxuntamente coa proposición que figura como punto núm. 11, o Pleno da Corporación por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, do PP, de CA e do concelleiro non adscrito (2 BNG, 8 PP, 5 CA e 1 N/A) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que o concello, a través dos departamentos e do órgano de Goberno local correspondentes, realizará as xestións necesarias para corrixir os problemas de accesibilidade e de inundacións no proxecto das obras previstas en Castrón Douro,

para alén de proceder á humanización de espazos de encontro e lecer, que poñan en valor edificios singulares na entrada en Compostela pola Vía da Prata. Para o conseguir, entre outras cuestións, a rasante do trazado da rúa debe ficar o máis próxima posíbel ao nivel de entrada das vivendas, como estaba comprometido coa veciñanza e previsto inicialmente co obxectivo de cumprir os estándares da Lei de Accesibilidade e na Orde TMA/851/2021 pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados.

Faise un receso na sesión das 12:33 ás 12:59 horas.

8. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO CONCELLEIRO NON ADSCRITO PARA A IMPLICACIÓN E IMPLANTACIÓN DE POLÍTICAS A PROL DA ECONOMÍA SOCIAL COA RESERVA LEGAL DE CONTRATOS COS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO DE INICIATIVA SOCIAL E EMPRESAS DE INSERCIÓN NO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

O texto da proposición do epígrafe ten o seguinte contido:

“O Concelleiro non adscrito, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte PROPOSICIÓN para a súa toma en consideración no Pleno sobre implicación e a implantación de políticas a prol da economía social coa contratación con centros especiais de emprego de iniciativa social e empresas de inserción no Concello de Santiago de Compostela:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A economía social é unha gran descoñecida que ten cada vez unha maior relevancia non só polo crecemento dos actores sociais que promoven o seu crecemento senón pola relevancia que ten para un auténtico Estado social que o seu motor económico sexa por si mesmo un xerador de igualdade e de oportunidades sociais.

Santiago de Compostela foi elixida no ano 2022 capital da economía social en substitución de Teruel. A pesares da existencia dun tecido económico salientable de empresas de inserción, centros especiais de emprego e outras formas empresariais que son un motor deste tipo de economía, o Concello de Santiago de Compostela non é unha das entidades locais que se atopa á cabeza dese despegue na realidade económica da cidade. O Concello conta cun núcleo destas empresas, as cales, son na súa inmensa maioría sen ánimo de lucro e reinvirten en acción social os beneficios que obteñen.

Máis alá das palabras e o acompañamento é preciso que o Concello realice un plan de economía social real e integre na acción social a acción económica e a promoción da autonomía.

O benestar social debe ir máis alá do asistencialismo. A implicación do Concello como actor económico é fundamental.

A nivel europeo veuse recollendo a importancia na contratación pública do emprego e a ocupación como elementos craves para garantir a igualdade de oportunidades en beneficio de todos contribuíndo á inserción na sociedade, constituíndo así mesmo, un dos obxectivos marcados pola Axenda 2030.

Neste sentido, a directiva 2014/24/UE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, no seu Considerando 36 sinala: “O emprego e a ocupación contribúen á integración na sociedade e son elementos esenciais para garantir a igualdade de oportunidades para todos. Neste contexto, as entidades (centros especiais de emprego iniciativa social e empresas de inserción) cuxo obxectivo principal, sexa a de apoiar a integración social e profesional ou a reintegración de persoas discapacitadas ou desfavorecidas, como os desempregados, os membros de comunidades desfavorecidas ou outros grupos que dalgún modo están socialmente marxinados. Con todo, en condicións normais de competencia, estas entidades ou empresas poden ter dificultades para obter contratos. Convén, por tanto, dispoñer que os Estados membros poidan reservar a este tipo de talleres ou empresas o dereito para participar nos procedementos de adxudicación de contratos públicos ou de determinados lotes dos mesmos ou a reservar a súa execución no marco de programas de emprego protexido.”

Dentro deste marco, o Concello de Sevilla é un bo exemplo, aprobou mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada o día 1 de abril de 2016, as Directrices sobre Contratación Pública Responsable, en cuxo apartado 8 se aposta de maneira decidida pola reserva de contratos a favor dos Centros Especiais de Emprego de iniciativa social e Empresas de Inserción.

Nesta mesma liña, a Disposición Adicional cuarta da Lei 9/2017, do 9 de novembro, de Contratos do Sector Público, establece que, mediante acordo do órgano competente no ámbito das Entidades Locais, fixaranse porcentaxes mínimos de reserva do dereito para participar nos procedementos de adxudicación de determinados contratos ou de determinados lotes dos mesmos a Centros Especiais de Emprego de iniciativa social e a Empresas de Inserción ou unha porcentaxe mínima de reserva da execución destes contratos no marco de programas de emprego protexido, a condición de que a porcentaxe de traballadores condiscapacidade ou en situación de exclusión social dos Centros Especiais de Emprego, das Empresas de Inserción ou dos programas sexa o previsto na súa normativa de referencia e, en todo caso, polo menos do 30 por 100.

Por ditas razóns propónse o seguinte

ACORDO:

1.- Comprometerse para o orzamento do 2023 e seguintes, de levar a efecto a reserva mínima do 10% do gasto corrente, do conxunto de contratos ou determinados lotes de servizos e subministracións da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público celebrados polo Concello de Santiago de Compostela, os seus Organismos Autónomos e as Entidades que integran o sector Público Municipal, aos Centros Especiais de Emprego de iniciativa social ou a Empresas de Inserción, en consenso cos centros especiais de emprego da cidade.

2.- Aprobado unha instrución sobre as condicións mínimas e criterios de actuación para garantir o cumprimento e aplicación da reserva de contratos prevista na disposición Adicional 4ª da LCSP, co consenso dos centros especiais de emprego da cidade.”

Presentou emenda á presente proposición o grupo municipal do PP, que a retirou no transcurso do debate.

Rematado o debate o Pleno da Corporación por 16 votos a favor correspondentes ao concelleiro non adscrito, e aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do

PP, de CA e do BNG (1 N/A, 8 PP, 5 CA e 2 BNG) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

1. Comprometerse para o orzamento do 2023 e seguintes, de levar a efecto a reserva mínima do 10% do gasto corrente, do conxunto de contratos ou determinados lotes de servizos e subministracións da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público celebrados polo Concello de Santiago de Compostela, os seus Organismos Autónomos e as Entidades que integran o sector Público Municipal, aos Centros Especiais de Emprego de iniciativa social ou a Empresas de Inserción, en consenso cos centros especiais de emprego da cidade.

2. Aprobar unha instrución sobre as condicións mínimas e criterios de actuación para garantir o cumprimento e aplicación da reserva de contratos prevista na disposición Adicional 4º da LCSP, co consenso dos centros especiais de emprego da cidade.

9. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA MODIFICAR A BONIFICACIÓN POR APROVEITAMENTO DA ENERXÍA SOLAR NOS IMPOSTOS SOBRE OS BENS INMOBLES (IBI) E SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO).

O texto da proposición do epígrafe ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para o seu tratamento no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os concellos poden e deben ser una axentes fundamentais no proceso de transición enerxética, non só á hora de melloras a eficiencia en todos os procesos propios de xestión da enerxía, senón na promoción de medidas para estender entre a cidadanía o progresivo incremento das enerxías renovables non convencionais, como a solar, na procura de avanzar cara a sistemas de enerxía horizontais, descentralizadas e interconectadas, onde a enerxía é producida localmente.

Os elevados custos da enerxía eléctrica están a incentivar as instalacións fotovoltaicas para o autoconsumo, tanto en vivendas individuais como en comunidades de propietarios, unha tendencia que está a ter o seu reflexo en Galicia e na nosa cidade. Hai poucos días, difundíase que en Galicia existían 6.626 instalacións inscritas no Rexistro de instalacións de autoconsumo en baixa tensión e con potencia inferior aos 100 kW, fronte ás 449 existentes dous anos antes (un 1.375% máis). En Santiago, ese incremento, aínda que máis reducido, tamén se constatou, ao pasar das 72 instalacións de 2020 ás 176 (un 144% máis).

Desde o Concello de Santiago, ao igual que desde a Xunta de Galicia, téñense adoptado medidas, na medida das posibilidades e competencias, para fomentar a instalación de instalacións fotovoltaicas para a produción de enerxía para o autoconsumo, entre elas as bonificacións fiscais no imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) e no imposto sobre bens inmobles (IBI).

No primeiro caso (ICIO), a bonificación é do 90% no importe da execución material da instalación dos sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo e, no segundo caso (IBI), a bonificación afecta ao 50% da cota durante

os cinco anos seguintes ao remate da instalación, poñendo como condición, entre outras, que os sistemas de aproveitamento térmico dispoñan dunha superficie mínima de captación solar útil de 4 m² por cada 1002 de superficie construída; e que os sistemas de aproveitamento eléctrico dispoñan dunha potencia instalada mínima de 5 kw por cada 100 m² de superficie construída.

Mentres a bonificación do ICIO aproxímase ao máximo permitido (95%) e non presenta ningunha limitación, fóra das lóxicas xustificacións preceptivas; a bonificación do IBI acada a súa porcentaxe máxima (50%), aínda que a súa efectividade vese lastrada por uns requisitos moi restritivos, en especial o referido á potencia instalada mínima de 5kw por cada 100 m², unha condición cuestionada por algúns veciños que nos fixeron chegar as súas dificultades para acollerse a estas vantaxes e sobre a que unha gran parte de concellos difiren.

A este respecto, cómpre indicar que mentres algunhas entidades locais non limitan por este criterio de potencia instalada, outras reducen a cantidade establecida a 1kw (Badalona), 2,5 kw (Xixón, Toledo ou Zaragoza) e mesmo algúns, como Madrid que mantíña a mesma limitación que Santiago, optaron recentemente por unha modificación da ordenanza fiscal para suprimir ese requisito e facilitar así o acceso a esta bonificación.

Á vista do anterior, o Grupo Popular presenta á consideración da Corporación Municipal o seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago insta ao correspondente órgano do Goberno local a valorar a supresión das limitacións -en especial a referida á potencia instalada mínima por superficie construída- para a obtención da bonificación do 50% da cota do IBI pola instalación de sistemas de enerxía fotovoltaica para autoconsumo e a incrementar a bonificación do ICIO ata a porcentaxe máxima permitida con esa mesma finalidade."

A raíz das opinións vertidas no debate, o grupo municipal autor da proposición retira a seguinte frase do texto do acordo: "...e a incrementar a bonificación do ICIO ata a porcentaxe máxima permitida con esa mesma finalidade".

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda instar ao correspondente órgano do Goberno local a valorar a supresión das limitacións -en especial a referida á potencia instalada mínima por superficie construída- para a obtención da bonificación do 50% da cota do IBI pola instalación de sistemas de enerxía fotovoltaica para autoconsumo.

10. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A SUPRESIÓN DA CITA PREVIA DE CARÁCTER OBRIGATORIO NA ATENCIÓN Á CIDADANÍA.

O texto da proposición do epígrafe ten o seguinte contido:

"O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante a pandemia e con carácter xeral establecéronse sistemas de cita previa para que os cidadáns puidesen recibir atención personalizada nas oficinas públicas e rexistros da Administración e así respectar as normas de protección fronte aos efectos da COVID-19.

Pero a crise sanitaria xerada pola pandemia en realidade veu acentuar unha situación que xa se estaba practicando con anterioridade. Así o denunciou o Consello da Avogacía e numerosos xuristas que teñen alertado sobre o uso ilegal deste sistema para acceder aos servizos públicos administrativos, que parece que teña que ser unha obriga en lugar dunha opción.

A esixencia de cita previa, moitas veces difícil de obter nun prazo razoable ou a necesidade do uso de medios tecnolóxicos inaccesibles para unha boa parte da poboación, deterioran gravemente a atención de calidade que o cidadán merece por parte das administracións públicas.

A cita previa debe ser un sistema opcional e complementario de atención ao cidadán e non debe constituír a única vía de relación coa administración. Esta obrigatoriedade resta dereitos aos cidadáns e imponse unha relación cos poderes públicos de forma electrónica, para a que moitos deles non están familiarizados ou residen en lugares con pouco ou mal acceso á rede da internet.

A Constitución obriga á Administración para servir con obxectividade e eficacia os intereses xerais e a promover as condicións para que os cidadáns poidan exercer con plenitude os seus dereitos, entre eles, o ser atendidos de forma presencial. Así, desde 1978, as diferentes normas aprobadas sobre o funcionamento da administración pública fórono para favorecer aos cidadáns e respectar os seus dereitos, como o de acudir aos rexistros públicos para presentar solicitudes e rexistros, ou ser tratados con respecto e deferencia polas autoridades e empregados públicos, facilitarlles o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas.

Tanto a actual lei do Sector Público como a de Procedemento Administrativo así o establecen nos seus principios inspiradores. A caracterización da Administración como un ente instrumental ao servizo da cidadanía converteuse nunha idea transversal ao longo destes anos, así o demostra a idea recollida na Exposición de Motivos da Lei 4/1999 de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, cando expresamente establece que “os modelos administrativos deben construírse sempre en función dos cidadáns, e non ao revés”. Faise pois máis necesario que nunca garantir que a relación coa administración electrónica sexa voluntaria e en ningún caso obrigatoria. E denunciar que xa non hai ningunha norma legal que autorice a cita previa obrigatoria, xa que a súa excepcionalidade desapareceu co fin da pandemia.

Situacións como a sinalada polo Defensor do Pobo, de que un garda de seguridade convértese nun filtro de acceso á Administración, ou que a obtención do Documento Nacional de Identidade tarde máis de dous meses en ser expedido mediante cita previa, non poden pasar a ser aceptadas con normalidade. É inconcibible que o actual Goberno gaste tantos esforzos e enerxías en promover normas de dereitos universais que en realidade favorecen só a determinados grupos sociais, cando non a persoas con nomes e apelidos, e se esqueza de promover o acceso fácil e xeneralizado a un servizo básico e esencial nun sistema verdadeiramente democrático como é o da atención á cidadanía, levantando as barreiras que impiden o acceso á administración electrónica ou propiciando a atención presencial e personalizada.

Pero tampouco é de recibo que algunhas administracións estean a usar e abusar da cita previa obrigatoria sen o máis mínimo amparo legal para facelo, en claro prexuízo aos dereitos básicos dos cidadáns e só pola súa propia conveniencia, algo que en determinados servizos e procedementos aínda está a acontecer neste mesmo Concello de Santiago de Compostela.

Por iso, o Grupo Municipal Popular presenta a seguinte proposta de

ACORDO

1.- Solicitarlle ao correspondente órgano do Goberno local que fomente a administración aberta, á que a cidadanía poida acceder, sen necesidade de cita previa con carácter obrigatorio, para ser atendido. E establecer o carácter opcional e complementario da mesma.

2.- Instar a outras administracións públicas que aínda teñan a atención ao cidadán exclusiva con cita previa, para que adopten con carácter de urxencia, as medidas necesarias sinaladas no acordo anterior, para que a cita previa nos seus servizos administrativos deixe de ser unha condición obrigatoria para o dereito para ser atendido que ten calquera persoa, de acordo con as leis e a Constitución.

3.- Estudar e analizar a posibilidade de que haxa unha atención prioritaria e preferente para os maiores de 65 anos nas oficinas de atención ao cidadán e rexistros.

4.- Avanzar no uso das novas tecnoloxías que permitan evitar desprazamentos innecesarios ás sedes municipais e aforrar tempo aos cidadáns para conseguir unha Administración máis áxil, eficaz e ao servizo da cidadanía.

5.- Promover as condicións para un acceso fácil á administración electrónica, especialmente en núcleos rurais e afastados das redes da internet.

6.- Dar traslado destes acordos ao Goberno de España, á Xunta de Galicia, ás Cortes Xerais e ao Parlamento de Galicia.”

O Pleno da Corporación por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PP, de CA, do BNG e do concelleiro non adscrito (8 PP, 5 CA, 2 BNG e 1 N/A) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

1. Solicitarlle ao correspondente órgano do Goberno local que fomente a administración aberta, á que a cidadanía poida acceder, sen necesidade de cita previa con carácter obrigatorio, para ser atendido. E establecer o carácter opcional e complementario da mesma.

2. Instar a outras administracións públicas que aínda teñan a atención ao cidadán exclusiva con cita previa, para que adopten con carácter de urxencia, as medidas necesarias sinaladas no acordo anterior, para que a cita previa nos seus servizos administrativos deixe de ser unha condición obrigatoria para o dereito para ser atendido que ten calquera persoa, de acordo con as leis e a Constitución.

3. Estudar e analizar a posibilidade de que haxa unha atención prioritaria e preferente para os maiores de 65 anos nas oficinas de atención ao cidadán e rexistros.

4. Avanzar no uso das novas tecnoloxías que permitan evitar desprazamentos innecesarios ás sedes municipais e aforrar tempo aos cidadáns para conseguir unha Administración máis áxil, eficaz e ao servizo da cidadanía.
5. Promover as condicións para un acceso fácil á administración electrónica, especialmente en núcleos rurais e afastados das redes da internet.
6. Dar traslado destes acordos ao Goberno de España, á Xunta de Galicia, ás Cortes Xerais e ao Parlamento de Galicia.

11. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA A EXECUCIÓN DA REFORMA PENDENTE EN CASTRÓN DOURO, QUE INCLÚA O REBAIXE DA CALZADA E MELLORE A ACCESIBILIDADE ÁS VIVENDAS.

A proposición do epígrafe ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. O obxectivo da proposta é que o Goberno reconsidere a proposta de reforma do tramo pendente de Castrón D'Ouro, que non contempla o rebaixe da calzada á cota das edificacións existentes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A actuación de reurbanización das rúas de Patio de Madres e Castrón D'Ouro foi incluída polo Goberno de Compostela Aberta na EDUSI - REVIVE COMPOSTELA, e dividida en dúas fases por razóns orzamentarias e operativas. A primeira fase, desde Patio de Madres ata o cruce coa rúa de Curros Enríquez e a Praza de Marcial Villamor Varela, supuxo entre outras melloras a modificación da altura da calzada para axeitala ás vivendas pre-existentes que, nas obras realizadas hai décadas, quedaron soterradas e con problemas de accesibilidade.

O resultado da reforma desta primeira fase é evidente: un aspecto moderno, vivendas máis accesibles, servizos renovados... e contrasta sobremaneira coa situación do tramo comprendido entre Curros Enríquez e a rúa de Sar, cun pavimento gravemente deteriorado, acumulación de auga, beirarrúas insuficientes, e problemas de accesibilidade en moitos edificios.

Os pasados 7 e 21 de marzo, o Goberno local trasladou á Comisión Asesora de Patrimonio Histórico do Concello a súa proposta dun novo proxecto de reurbanización das rúas Castrón D'Ouro e Sar, referido a este segundo tramo, que non modificaría a rasante existente, e que mantería as instalacións de Telefónica na súa localización actual, evitando o aumento de custes ao Concello e a necesidade de tramitar un novo proxecto independente.

Nesa mesma proposta indícase que, tras a recepción das obras da Fase I en Castrón D'Ouro, a Fase II viu *“postergada a decisión política sobre a súa financiación e inclusión en orzamentos”*, o cal significou que *“transcorridos os anos, o tramo pendente de reurbanización aumentou o seu deterioro, xerando problemas de seguridade tanto para vehículos como para peóns, resultando necesario actuar coa maior urxencia posible”*.

O informe técnico do arquitecto municipal sobre o proxecto reformado, remitido á Comisión Asesora de Patrimonio Histórico, é demoledor. Non só afirma, sen ambaxes, que o proxecto orixinal era mellor, senón que considera que **“os motivos económicos derivados da instalación soterrada da empresa Telefónica resultan por si sós insuficientes para desbotar o proxecto orixinal, xa que o sobre-custo de 150.000 € no que se estima o recuado da instalación telefónica supón unicamente un 11% do orzamento total estimado para a intervención [...] sendo moito maior o incremento que supón a actualización de prezos do proxecto orixinal [...]. Enténdese por tanto que, desde o punto de vista da protección do patrimonio da cidade histórica, estaría asumido que este incremento do 11% fose asumido polo Concello tendo en conta a mellora que supón a solución prevista no proxecto orixinal fronte á do proxecto modificado”**.

Os feitos son claros. Pese a que o actual Goberno contou desde o seu primeiro día cun proxecto redactado para a segunda fase de Castrón D'Ouro, que solucionaría os problemas de accesibilidade e tería mellor encaixe nun ámbito protexido do Camiño de Santiago, Sánchez Bugallo decidiu deixar pasar o tempo sen facer nada, ata chegar ao último mes do seu mandato coa rúa en situación de grave deterioro.

E agora, a escasos días da convocatoria electoral, e sen consultar á veciñanza, presenta un proxecto que non efectúa o rebaixe da calzada, pero si supón rebaixas económicas e de calidade na actuación. Un proxecto que, visto o informe técnico, non satisfai plenamente os requisitos que contempla a normativa do plan especial PE-1, e que o Concello si demanda a calquera particular. Como aqueles reformaron recentemente as súas vivendas en Castrón D'Ouro, mantendo a rasante orixinal da rúa en cumprimento da normativa, e que agora vén como as súas casas seguirían sendo inaccesibles no caso de que prosperen as intencións do actual executivo municipal.

Non é unha cuestión menor que este proxecto non fora presentado e debatido publicamente, un proceso que si fixo o Goberno de Compostela Aberta no seu momento, informando, resolvendo dúbidas e logrando consenso a respecto das intervencións a realizar.

O proxecto non chegou a ser aprobado na Comisión Asesora e, polo tanto, non continuou a súa tramitación administrativa. Pese a iso, tanto o alcalde como o concelleiro de Obras anunciaron en pasados días, con antelación ao seu paso pola Comisión, que este proxecto estará en licitación antes do mes de abril, é dicir, en menos de dez días, algo que semella imposible tendo en conta que nin hai proxecto aprobado, nin fondos dispoñibles.

En definitiva, á vista dos feitos resulta claro que o Goberno trata agora de obter un titular, a escasas semanas das eleccións, para tapar a súa inactividade de catro anos.

Tendo en conta todo o anterior, e que o conxunto do barrio de Sar necesita unha actuación integral e urxente, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta para debate plenario o seguinte

ACORDO:

Instar ao correspondente órgano de Goberno a:

Executar a reurbanización integral do tramo pendiente da rúa de Castrón Douro, entre

Curros Enríquez e a rúa de Sar, continuando o rebaixe da calzada xa realizado na Fase I tal e como se acordou coa veciñanza, de forma que se solucionen os problemas de accesibilidade e cos suministros de servizos públicos existentes en numerosas edificacións.”

O Pleno da Corporación por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de CA, do PP, do BNG e do concelleiro non adscrito (5 CA, 8 PP, 2 BNG e 1 N/A) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano de Goberno a executar a reurbanización integral do tramo pendente da rúa de Castrón Douro, entre Curros Enríquez e a rúa de Sar, continuando o rebaixe da calzada xa realizado na Fase I tal e como se acordou coa veciñanza, de forma que se solucionen os problemas de accesibilidade e cos subministros de servizos públicos existentes en numerosas edificacións.

O Sr. Alcalde dispón un recesso na sesión sendo as 14:15 horas. Ás 16:19 horas continúa a sesión, non incorporándose Don Jorge Duarte Vázquez nese momento.

12. DAR CONTA DO INFORME ANUAL DE QUEIXAS E SUXESTIÓNS CORRESPONDENTE AO 2022.

O Pleno da Corporación queda coñecedor do informe anual de queixas e suxestións correspondente ao ano 2022, emitido con data 7 de marzo do corrente ano.

13. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións do 17 de febreiro ao 16 de marzo de 2023, ambos inclusive.

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas da Xunta de Goberno:

ASUNTO XGL/2023/00006464Y

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 13 de febreiro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00008984L

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 20 de febreiro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00009280Q

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 21 de febreiro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00010007Y

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 27 de febreiro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00011125C

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 3 de marzo de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00011128T

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 6 de marzo de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00012678D

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 13 de marzo de 2023.

14. COMPARECENCIA A PETICIÓN PROPIA DA CONCELLEIRA DE POLÍTICAS SOCIAIS, SAÚDE, MEDIO AMBIENTE E PARQUES E XARDÍNS.

Á vista do escrito presentado pola concelleira Dona Milagros Castro Sánchez, comparece na presente sesión.

15. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Interpelación:

1. Formulada por CA sobre o proxecto de centro de inclusión social.

Rogos:

1. Formulado polo BNG para o arranxo e mantemento de pontes en Busto e en Marrozos.
2. Formulado polo BNG para realizar unha campaña de sensibilización de seguranza viaria nos horarios de entrada e saída dos centros de ensino.
3. Formulado polo BNG para realizar unha distribución equitativa dos postos de artesanía.
4. Formulado por CA sobre a reparación dun muro na contorna da ermida de Sta. Lucía.
5. Formulado polo PP para o control do peche nocturno nos parques públicos e o cumprimento da ordenanza de convivencia neses espazos.
6. Formulado polo PP para a instalación dunha varanda de protección nas escaleiras laterais de acceso a San Domingos de Bonaval.
7. Formulado polo PP para a ampliación do servizo de teleasistencia mediante convenio coa Cruz Vermella.
8. Formulado polo concelleiro non adscrito para realizar e mellorar as labores de poda na zona de Pontepedriña.
9. Formulado por CA sobre colocación canastras en distintos puntos da cidade.

Preguntas resposta oral:

1. Formulada por CA sobre a falta de mantemento do ascensor de Triacastela.
2. Formulada polo BNG sobre os prazos das convocatorias de axudas para comedores, material escolar e actividades extraescolares.
3. Formulada polo BNG sobre subvencións para asociacións culturais.
4. Formulada polo BNG sobre a viabilidade de negocios como o establecemento Espazo Abella, que non poden conectarse á rede de saneamento.
5. Formulada polo PP sobre as conclusións do informe sobre o envío á Fiscalía do expediente da empresa Desproi.
6. Formulada polo PP sobre a licitación do contrato de autobuses.
7. Formulada polo PP sobre o inicio das obras para unha senda peonil na rúa das Estrelas e a súa iluminación.
8. Formulada por CA sobre a necesidade de habilitar unha zona verde de estacionamento para a veciñanza das rúas dos pintores Lino Villafínez e Modesto Brocos.
9. Formulada polo concelleiro non adscrito sobre o remate das obras da beirarrúa de Amor Ruibal.

Preguntas resposta escrita:

1. Formulada polo PP sobre a instalación en solo rústico de vertedoiros ou plantas de residuos.

2. Formulada por CA sobre as advertencias de interrupción do servizo de abastecemento e saneamento de auga en Figueiras.
3. Formulada por CA sobre o incidente e deterioro dunha columna na Praza do Toural.
4. Formulada por CA sobre a execución do proxecto SMARTIAGO.
5. Formulada polo PP sobre as axudas a empresas de economía social.
6. Formulada polo BNG sobre o proxecto de mellora da mobilidade na rúa do Corgo.
7. Formulada polo BNG sobre o Plan integral de Saúde para a cidade para cumprir co compromiso adquirido coa Rede Española de Cidades Saudables.

Despois de tratar os rogos, sométense a votación as declaracións institucionais das que se declarou a súa urxencia ao inicio da sesión. Unha vez votadas as declaracións institucionais, trátanse os puntos “Preguntas de resposta oral” e “Preguntas de resposta escrita”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, aproba a seguinte declaración institucional:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO EN APOIO E RECOÑECIMENTO DAS NECESIDADES NON CUBERTAS DAS PERSOAS CON LUPUS EN ESPAÑA.

O Alcalde do Concello de Santiago, ao abeiro do regulamento orgánico municipal no seu artigo 116, presenta a seguinte declaración institucional para ser aprobada polo Pleno da Corporación, como manifestación do seu apoio e recoñecemento das necesidades non cubertas das persoas con lupus en España.

O lupus é unha enfermidade autoinmune crónica que afecta a 5 millóns de persoas en todo o mundo e a súa prevalencia ascende a 210 casos por cada 100.000 habitantes en España. A pesar destas elevadas cifras, preto do 60% dos españois non saben en que consiste o lupus ou tan só coñecen o nome da enfermidade, o que a converte nunha enfermidade invisible para a poboación en xeral, menos para quen a padecen. Especialmente mulleres, xa que representan o 90% dos casos de lupus desenvolvendo a enfermidade entre os 15 e os 55 anos.

De entre os distintos tipos, o lupus eritematoso sistémico (LLES) representa aproximadamente o 70% de todos os casos e a metade deles ve afectado un órgano ou tecido importante no corpo, como o corazón, os pulmóns, os riles ou o cerebro. Aínda non existe cura nin tratamento efectivo para previr o dano orgánico a longo prazo que provoca o lupus. Unha enfermidade impredecible que, de non tratarse, pode aumentar a discapacidade e incapacidade da persoa afectada e ser potencialmente mortal.

Considerando que o lupus é un problema de saúde global que afecta a millóns de persoas, a Federación Española de Lupus (FELUPUS) aúna a forza representando a as persoas con Lupus e ás 21 asociacións repartidas por todo o territorio nacional para dar a coñecer esta enfermidade, o seu impacto altamente discapacitante e promover unha maior investigación.

Baixo a lema “Non deixes que o lupus gañe: é o momento de actuar!”, FELUPUS busca alentar a os pacientes que non deben renderse fronte ao lupus e insta as Administracións a actuar xuntos, manifestando o seu recoñecemento e apoio ás persoas que conviven con esta enfermidade, e declarando o seu compromiso para contribuír a dar resposta ás necesidades non cubertas en España. Necesidades

médicas e socioeconómicas que se concretan en:

- A garantía de unha **detección temperá e maior formación de atención primaria**. Existe un atraso en o diagnóstico de 4 anos de media para os pacientes con Lupus que pode provocar alteracións estruturais irreversibles. Por iso, é fundamental aumentar a formación en Atención Primaria, xa que poden espertar a sospeita e detectar os primeiros síntomas para iniciar o proceso diagnóstico.
- O impulso para unha **atención coordinada e multidisciplinar** que permita prestar unha atención e apoio psicosocial especializada a os pacientes con lupus, independentemente do seu lugar de residencia. É necesario, dispor de maiores recursos para abordar ao paciente con lupus de forma global e integrada, asegurando unha correcta coordinación entre os distintos especialistas que poden intervir na abordaxe da enfermidade para mellorar a súa calidade de vida.
- O fomento para unha **maior investigación**. Os fondos destinados aos esforzos en a investigación médica sobre o Lupus, ao descubrimento de unha cura e de tratamentos máis eficaces para os pacientes de Lupus son sensiblemente inferiores aos dedicados a outras enfermidades de similar magnitude e gravidade. Por iso, é imprescindible un aumento de os fondos tanto públicos como privados para a investigación.
- A garantía dun **maior acceso a novas terapias**. Nos últimos anos, producíronse avances importantes no desenvolvemento de tratamento eficaces para o lupus, pero resulta esforzo en balde se estes non chegan a tempo a os pacientes. É esencial un maior esforzo por parte das administracións para axilizar e asegurar que os tratamentos existentes para o ESTANLLES dispoñibles conforme a criterios clínicos. Sen estar condicionado polo lugar de residencia ou hospital asignado.
- A garantía dunha correcta **revisión de valoración en discapacidade e formación especializada** a todo o persoal valorador acorde a os criterios obxectivos do novo baremo. É necesario que se recoñeza o dano orgánico acumulado que inclúe o esgotamento e a dor diaria, e que os tribunais valoren adecuadamente o conxunto de limitacións, concedendo os graos de discapacidade que os pacientes merecen, sen ter que acudir aos tribunais de xustiza a solicitar o amparo negado polas administracións sociais.
- O **financiamento público de os fotoprotectores solares**. Os raios UV considéranse un axente desencadenamento de brote da enfermidade. Polo que as persoas con lupus deben utilizar fotoprotector solar entre 15 e 30 minutos antes da exposición, e reaplicar cada dúas horas todos os días. As asociacións de pacientes reivindicán que os fotoprotectores sexan considerados como tratamento de a enfermidade e, por tanto, a subvención do seu custo.
- A **ampliación de laboratorios do automóvil autorizados** para legalizar a instalación de filtros ultravioleta en as lúas laterais dianteiras de vehículos de persoas con lupus. Na actualidade, para a súa legalización e instalación, requírese un ensaio de determinación do factor de transmisión luminosa dos vidros laminados. É necesario que se amplíe o número de laboratorios autorizados por provincia para evitar a desigualdade en o acceso e os laboriosos desprazamentos.

Por todo o anteriormente exposto este Concello expresa o apoio e recoñecemento cara ás persoas con Lupus, ás súas familias e ás asociacións de pacientes que

diariamente traballan para a creación de unha clara conciencia social da enfermidade, dirixindo as súas actuacións cara ao diagnóstico precoz e o tratamento desde o enfoque terapéutico e multidisciplinar.

Comprométese a levar a cabo accións pertinentes e destinar os recursos necesarios para paliar a situación de especial vulnerabilidade, así como garantir, con equidade, os dereitos das persoas con lupus e as súas familias. Sendo plenamente conscientes de que para unha enfermidade crónica para a que non existe cura, como esta e moitas outras, a investigación é vital.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, aproba a seguinte declaración institucional:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO EN APOIO E SOLIDARIEDADE COAS MULLERES E NENAS EN AFGANISTÁN.

O Alcalde do Concello de Santiago, ao abeiro do regulamento orgánico municipal no seu artigo 116, presenta a seguinte declaración institucional para ser aprobada polo Pleno da Corporación, como manifestación do seu apoio e solidariedade coas mulleres e nenas en Afganistán.

As conquistas en dereitos humanos que as mulleres conseguiran durante os últimos 20 anos perdéronse.

A toma de poder por parte dos talibáns o 15 de agosto de 2021 trouxo profundos cambios á vida de toda a poboación afgá, pero as mulleres e nenas afgás soportan restricións especialmente graves na súa vida cotiá. Os líderes talibáns implicados en negociacións internacionais afirman que a súa visión dos dereitos da muller cambiou, con todo os feitos no terreo contradín as súas declaracións.

O feito de prohibir ás mulleres traballar, excepto para traballadoras sanitarias e algún outro caso illado, agravou os problemas económicos de moitas familias, que antes recibían soldos profesionais constantes, e a supresión da muller dos postos de goberno socavou enormemente a capacidade de goberno efectivo do Estado.

As nenas maiores de 12 anos non poden asistir á escola e as maiores, non poden ir á universidade. Desde decembro do pasado ano os talibáns prohiben entregar os títulos universitarios ás mulleres licenciadas.

A situación en Afganistán é grave, e a comunidade internacional debe apoiar as mulleres afgás e premer para que os talibáns respecten os dereitos de mulleres e nenas.

Desde o Concello de Santiago de Compostela solidarizámonos coas mulleres e nenas de Afganistán e animamos o Goberno español e a comunidade internacional a:

- escoitar as defensoras e activistas dos dereitos humanos de Afganistán e interactuar con elas para comprender as realidades sobre o terreo e as súas recomendacións prácticas, e traballar con elas para apoiar os dereitos das mulleres en Afganistán.

- Premer os talibáns, en cada oportunidade, a respectar os dereitos fundamentais das mulleres e as nenas, incluídos o seu dereito a acceder á educación, ao traballo, a moverse libremente, a vestirse como desexen, a buscar apoio e reparación legal

despois de fuxir da violencia doméstica, permanecer libres de arrestos e detencións arbitrarias, consentir o matrimonio e a protestar pacificamente.

- Traballar urxentemente para pór fin á crise humanitaria de Afganistán, axudando a restablecer o pleno funcionamento da economía, baixo a debida supervisión, á vez que se segue prestando asistencia humanitaria suficiente para satisfacer as necesidades da poboación afgá, incluídas as mulleres e as nenas.

- Identificar e utilizar formas de presión que poidan influír nos talibáns sen prexudicar o pobo afgán como as sancións selectivas ou a prohibición de viaxar imposta mediante unha resolución do Consello de Seguridade da ONU, de maneira coordinada e enérxica, para pór fin ás violacións dos dereitos das mulleres e as nenas por parte dos talibáns, e deixar claro que pasos políticos son necesarios para o levantamento de devanditas medidas.

- Pór fin ás exencións das prohibicións de viaxe existentes para talibáns responsables de violacións dos dereitos das mulleres e as nenas ou que estean en condicións de reverter as políticas discriminatorias cara a mulleres e nenas.

- Utilizar os fondos de axuda para apoiar as comunidades que loitan polos seus propios dereitos ou polos dereitos das mulleres.

- Financiar opcións educativas alternativas para as afgás que quedaron fóra da escola e a universidade.

- Conceder protección internacional a todas as mulleres e nenas afgás que se atopen fóra de Afganistán.

- Dar prioridade á evacuación a terceiros países das superviventes da violencia de xénero e das mulleres que traballaron dentro do sistema de apoio a estas superviventes, e que non poden vivir de forma segura en Afganistán. E axilizar o seu reasentamento.

- Instar os talibáns a que acepten a presenza de observadores/as internacionais e garantir que estes/as poidan realizar visitas non programadas dentro de todos os lugares de detención.

- Proporcionar recursos de persoal axeitados ao Servizo de Dereitos Humanos da Misión de Asistencia das Nacións Unidas en Afganistán (UNAMA) para que poida supervisar documentar e defender os abusos dos dereitos humanos, de conformidade co seu mandato de marzo de 2022.

- Ofrecer un forte apoio político e práctico á investigación da Corte Penal Internacional sobre Afganistán e proporcionar os recursos axeitados para que a Fiscalía poida investigar todos os crimes perpetrados por todas as partes do conflito en Afganistán.

Despois da votación das declaracións institucionais e antes de abordar os puntos “Preguntas de resposta oral” e “Preguntas de resposta escrita”, sendo as 17:40 horas, incorpórase á sesión don Jorge Carlos Duarte Vázquez.

No transcurso do debate das preguntas de resposta oral, faise un receso das 18:20 ás 18:40 horas.

16. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓN PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

Os textos das mocións presentadas e tratadas na sesión son os que a continuación se transcriben:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA QUE SE INCLÚA NA PROGRAMACIÓN DAS FESTAS DE SANTIAGO MÚSICA E CULTURA AO VIVO DE ARTISTAS E EMPRESAS LOCAIS

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No mandato anterior o goberno de Santiago conseguiu achegar unha perspectiva diferente ás festas da cidade programando baixo tres eixos de ordenamento para ofertar unhas festas diversas, descentralizadas e abertas. Abertas, isto o primeiro, no anterior mandato municipal todas as actividades foron gratuítas. A calidade e a diversidade das propostas foron condición necesaria para desenvolver unha planificación temporalmente ordenada do calendario festivo que apostou decididamente pola descentralización e a participación da cidadanía, novos colectivos e artistas da cidade entraron a formar parte como na celebración do Banquete de Conxo ou a través do programa Artellando nas Festas que fixo que a programación do Apóstolo desde o 2015 desbordase a cidade vella e chegase aos distintos barrios da cidade e aos parques.

Sumouse e produciuse expresamente programación infantil e de mocidade, recuperouse a Praza do Toural para as noites de concerto, reforzáronse espazos tradicionais en apoio ao patrimonio inmaterial, apostouse pola diferenza local e na escolla contextualizada de propostas internacionais en xira. Programouse cunha liña curatorial clara apostando por programas de festas dedicadas a pór en valor o talento das mulleres, da creación actual galega, sen esquecer a creación actual de Galicia da emigración. Comprobase que podiamos encher a Quintana con grandes artistas internacionais como Rubén Blades e Rosalía, apostar pola produción de grandes espectáculos como *Lorca Namorado* e desenvolver unha Ascensión de 2019 cos artistas galegos emerxentes; sempre sen esquecer e tendo unha constante presente no talento local para desenvolver unha política cultural de festas que tivo unha gran acollida.

Nesta liña de traballo, nos anos 2016 e 2017 xestionábase o censo *Compostela É Música*, para que calquera programador da cidade -ou mesmo de fóra- puidese recoñecer as propostas musicais compostelás. *Compostela É Música* foi un proxecto impulsado pola sección local da asociación Músicos ao Vivo e que contou co apoio do Concello de Santiago, naquel momento, aínda que agora só con unha consulta na súa web <http://www.compostelaemusica.gal> pode comprobarse que o único apoio institucional é o da Deputación. Unha plataforma online que valeu para cartografiar a escena musical de Santiago, co obxectivo de crear un censo oficial, público e actualizado, que poderá ser utilizado polos programadores culturais públicos e privados, e que servirá tamén como lugar de encontro para os propios artistas.

Con esta ferramenta procurábase facilitarlle ao propio Concello o coñecemento e o

contacto cos músicos de Santiago, á hora de deseñar a súa propia programación cultural. *Compostela é Música* estaba dirixido a proxectos musicais profesionais e en activo na área de Santiago. Un censo aberto a todos os xéneros musicais, a todos os tipos de formación e a todas as idades. Para formar parte da base de datos é preciso que un mínimo do 50% dos membros do proxecto musical desenvolva con regularidade a súa base de acción profesional musical en Santiago, e que un mínimo do 50% dos membros do grupo sexan residentes en Compostela e/ou comarca.

Despois da súa creación o propio Concello exerceu co exemplo incorporando un ciclo de concertos con esa mesma denominación e imaxe nas Festas do Apóstolo e nas da Ascensión, ao tempo que se usaba o censo para outras contratacións como as actuacións nas sesións vermú ou de rúa. Desde o propio sector recoñeceuse que foi a primeira vez que a institución local apostaba polos activos musicais de Santiago de Compostela e establecendo desta maneira unha sinerxía positiva e dinámica entre estas dúas entidades, favorecendo e mellorando así o gozo e proxección de música de proximidade feita por músicos da propia cidade.

Sen embargo, o goberno actual, a pesar de ter as ferramentas e de existir unha dinámica de contratación de artistas locais, non se caracterizou por manter esta liña de traballo na súa acción de goberno. Foi por iso que en abril de 2021, o grupo municipal de Compostela Aberta xa presentou no Pleno un rogo no que se solicitaba:

Que o Goberno local implemente un plano de contratación de música e cultura ao vivo, de polo menos 250.000 € das partidas de Festas, para a contratación directa de grupos de Compostela no ciclo de festas da cidade, respectando sempre as recomendacións sanitarias vixentes en cada momento.

E a pesar disto, nin nas festas de 2021, nin nas de 2022 se reverte esta falta de colaboración cos músicos, as empresas culturais e os artistas locais e talvez unha das mostras que mellor recolla esta viraxe sexa o comunicado da Asociación de Músicos nas súas redes sociais en xuño de 2022:

“As Festas da Ascensión son as máis sentidas como propias entre a xente de Compostela. Desde MAV, sentimos moita mágoa un ano máis por non darlle visibilidade nestas datas ao talento musical dos grupos profesionais de música da cidade. Unha ollada ao programa das festas deixa patente o desleixo co que se segue tratando aos centos de grupos profesionais de todos os estilos que hai en Compostela.

Durante apenas dous anos, desde MAV conseguimos no 2018 e 2019 que o Concello promovesse un espazo de visibilidade no Toural, co escenario Compostela É Música, asociado ao noso proxecto do censo musical da cidade co mesmo nome. Foi moi efémero, só dous anos. Lamentamos que non se acollese, nin o censo nin Toural, como unha oportunidade para seguir mostrando aos composteláns e aos seus visitantes todo o talento musical que hai na cidade, como o hai tamén en todos os sectores. Poñer en valor as creacións constantes e novas de moitos grupos que pulan por ser vistos, máis alá do tempo escaso de contar con eles uns meses na pandemia porque non se podía contratar a artistas de fóra. Poderían terse creado outros espazos estables de visibilidade, pero tampouco foi nin é así, nin sequera ante a necesidade que afoga ás persoas creadoras do sector musical no ámbito local despois da pandemia. Porque as músicas e artistas o que queremos e precisamos é ter traballo tocando e darlle así calidade de vida á xente, sexamos internacionais, nacionais ou locais.

Desde a Sección Compostela da Asociación Músicas ao Vivo, reivindicamos unhas festas de proximidade e unha programación cultural durante todo o ano que apoie a quen fai música e cultura aquí, na cidade e para a cidade”

Recollendo este sentir, foi que o grupo municipal de Compostela Aberta presentou en xuño de 2022 unha proposición que foi aprobada polo Pleno da corporación na que se recollía o seguinte acordo, tal e como recolle a acta da sesión ordinaria:

“Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA e do BNG (5 CA e 2 BNG), e 16 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (9 PSdeG-PSOE e 7 PP), acorda que o departamento de Festas elabore un Plano de contratación de música e cultura ao vivo cunha dotación mínima de 250.000 € para a contratación directa de grupos musicais, empresas culturais e artistas de Santiago de Compostela nos próximos ciclos de festas da cidade, comezando polas Festas do Apóstolo deste ano 2022”

Por todo o anterior, e porque e co obxectivo de volver a programar música e cultura local nas festas de Santiago de Compostela, o Grupo Municipal de Compostela Aberta, propón o seguinte **ACORDO**:

Que departamento de Festas elabore un Plano de contratación de música e cultura ao vivo con unha dotación mínima de 250.000 € para a contratación directa de grupos musicais, empresas culturais e artistas de Santiago de Compostela nos próximos ciclo de festas da cidade, comezando polas Festas da Ascensión e do Apóstolo deste ano 2023.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE CA SOBRE A MEMORIA HISTÓRICA E DEMOCRÁTICA EN SANTIAGO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 27 de abril constitúfuse a Comisión especial de Memoria Histórica do Concello de Santiago, e a pesar do anuncio de que sería convocada novamente en breve, pasados case tres meses aínda non existe constancia dunha nova convocatoria, como tampouco temos constancia de que o goberno municipal teña interese en continuar coas políticas de memoria histórica iniciadas no anterior mandato.

Precisamente, hai 5 anos lembrabamos os 80 anos do golpe de Estado e como isto afectou á nosa cidade. O Concello de Santiago exercía a súa responsabilidade coa cidadanía e, froito da colaboración co departamento de Historia da Universidade de Santiago, desenvolvéronse dous importantes proxectos: unha grande exposición na Fundación Granell e un Congreso Internacional que reuniu en Compostela a historiadores e historiadoras de todo o mundo.

Con estes actos centrais cos que Histagra, en colaboración co Concello, lembrou o 80 aniversario do inicio da Guerra Civil Española. *80 anos. Santiago 1936* foi unha mostra que quixo explicar como Santiago pasou de ser unha cidade en plenas festas do

Apóstolo na que aínda se festexaba o Estatuto de Autonomía de Galicia, a converterse no escenario do medo e da persecución. E xusto coincidindo co 80 aniversario do Golpe de Estado, o 18 de xullo, iniciouse o Congreso Internacional *1936 ¿Un novo relato? 80 anos entre historia e memoria*, que se celebrou ao longo de tres días na Facultade de Xeografía e Historia, a Fundación Eugenio Granell e o Teatro Principal. Un congreso que foi máis alá das sesións clásicas de conferencias e mesas redondas ofrecendo tamén tres charlas abertas ao público no Teatro Principal. Nesta colaboración con Histagra, o Concello de Santiago, daba pasos firmes na construción da Memoria democrática do noso municipio.

Neste sentido cómpre distinguir entre a Historia e a memoria histórica, a primeira é unha disciplina do campo das ciencias sociais que pretende ser un relato rigoroso sobre o acontecido no pasado, unha disciplina que procura entender o que pasou e porqué pasou. Sen embargo a memoria funciona dun xeito substancialmente diferente, non se centra tanto en entender ese pasado como en tirar del referencias útiles para o presente. É por iso que a construción da Memoria Democrática debe ser unha responsabilidade da que a institución local non pode abdicar nin manter a actual pasividade, posto que a través desta memoria é onde podemos acceder ao coñecemento e referencialidade daqueles acontecementos do pasado que poidan funcionar como fonte de inspiración ou de lexitimación do noso presente democrático.

É desde esta perspectiva, e por saúde e hixiene democrática, que é tan necesario dar a coñecer todos os espazos esquecidos que teñen relación tanto coas prácticas de violencia, persecución e represión política asociadas ao golpe do 36 como coas políticas represivas da ditadura franquista. Ao tempo que tamén se recuperan do anonimato a resistencia democrática tanto ao primeiro golpe como á posterior ditadura.

No anterior mandato municipal, foron moitas as actuacións realizadas neste camiño, desde a xa mencionada lembranza do golpe do 36, ata as constantes homenaxes e lembranzas Ás Mariás -coa instalación dunha placa que recoñecía o seu carácter de vítimas e represaliadas políticas- ata actos simbólicos como a colocación do retrato de Ánxel Casal presidindo o despacho da Alcaldía; as homenaxes a Camilo Díaz Baliño e Isaac Díaz Pardo; os bandos da Alcaldía polo 25 de xullo; as homenaxes e lembranza aos represaliados na Falcona; a homenaxe aos fusilados en Boisaca incluíndo o alcalde accidental, último republicano, José Germán Fernández; as publicacións sobre o Santiago republicano, sobre o Estatuto do 36; as demandas contra a familia Franco polo 'roubo' das estatuas do Mestre Mateo; a homenaxe a Lorca e os seus 6 poemas galegos; entre outras iniciativas.

Tamén foron moitas as propostas e actividades situadas en marcos diferentes ao republicano e franquista, como o centenario da Irmandade da Fala de Santiago e a lembranza a Porteiro Garea; a homenaxe ao primeiro alcalde do actual período democrático, Souto Paz; a festa do Banquete Democrático de Conxo e todas as actividades publicacións de recuperación da súa memoria; o mapa literario da cidade; a resignificación da Compostela Territorio das Mulleres; a placa -actualmente desaparecida- na Rúa da Moeda Vella a Sancha Pérez e María Leve, dúas mulleres que conviviron nesa zona como parella en pleno século XIII; a homenaxe a Giner de los Ríos ou ao Vello dos Contos; ou as publicacións amparadas sobre unha figura como Montero Ríos; a necesaria recuperación da memoria do traballo, moitas veces moi feminizado, como no caso das lavadeiras do Sarela; etc,...

Unha intensa actividade que podería ser aínda moito máis detallada, que ademais

coincide co espírito do anteproxecto de Lei de Memoria Democrática, actualmente a debate nas Cortes do Estado. Unha Lei que procura dar un marco legal máis avanzado ás políticas públicas de memoria procurando a participación e a reflexión colectiva, así como a reparación das vítimas. Unha nova Lei que procura ademais que as institucións públicas interveñan sobre os lugares da memoria con propostas de muda da paisaxe e contidos e non só con declaracións ou simbolismos.

Aqui habería que relatar que se

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

1. Que se convoque, á maior brevidade posible e antes do remate do mandato municipal en curso, a Comisión de Memoria Histórica do Concello de Santiago para lograr avanzar na elaboración dun plano de actuación de Memoria Democrática concordando co espírito da nova Lei e fundamentalmente relacionado coa participación social e á reparación das vítimas.
2. Que neste plano de actuación de Memoria Democrática se recollan accións de investigación, sinalización e propostas de intervención que muden a paisaxe dos lugares da memoria e da resistencia democrática que teñen caído na invisibilidade e no esquecemento para conquistar con poetencia a súa resignificación.
3. Que en todos os puntos anteriores, de xeito transversal, exista un especial tratamento arredor do papel activo na resistencia das mulleres en Compostela como protagonistas da loita pola democracia e polos valores da liberdade, igualdade e solidariedade.
4. Instar ás administracións galega, estatal e provincial a colaborar co Concello de Santiago no impulso destas políticas de Memoria Democrática.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA DOTAR DE SERVIZOS DE COMEDOR E DE MADRUGADORES AS ESCOLAS UNITARIAS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para dotar de servizos de comedor e de madrugadores as escolas unitarias para facilitar a conciliación e garantir a igualdade de oportunidades ás familias do rural compostelán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Santiago de Compostela existen tres escolas unitarias, como son a escola de educación infantil O Gaioso, no Eixo, que leva desde 1808 en activo; a do Rial, en Laraño; e a de Bispo Teomiro, en Marrozos.

Estes tres centros procuran a creación do Centro Rural Agrupado Compostela (CRA Compostela), para o que precisan cubrir o número mínimo de matrículas e apoio institucional, co fin de manter este sistema escolar que favorece o apego ao territorio de nenos e nenas en idade infantil.

Unha das medidas que pode facilitar a súa continuidade, xa que a do Gaioso está en risco polo número de matrículas, é que esta rede de escolas unitarias se acolla ao servizo de madrugadores e comedores escolares, co obxectivo de facilitar a

conciliación familiar e laboral das persoas que residen no rural compostelán e de impulsar este sistema de educación infantil no rural compostelán.

Estas escolas son centros de referencia no que ten a ver co seu modelo educativo e coa función social que desenvolven no ámbito rural. Desenvolven un modelo educativo mediante a aprendizaxe colaborativa, con aulas multigráo onde o alumnado convive no proceso de adquisición de coñecementos. Nestas escolas, o proceso educativo pon tamén o foco nas necesidades de apoio emocional, tanto para o alumnado como para as familias, nomeadamente na etapa de adaptación.

Trátase, en definitiva, de unitarias que traballan cun modelo educativo de vangarda, con metodoloxías activas en que o contexto educativo e o respecto polo ambiente son piares estratéxicos do enfoque pedagóxico, polo que o Concello de Santiago debe velar polo seu mantemento, garantindo a igualdade de oportunidades con medidas que faciliten a conciliación como son os servizos de madrugadores e de comedores escolares.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Goberno local, a través dos órganos e departamentos correspondentes, estudará a posibilidade de ampliar o contrato de comedores e servizos de madrugadores para garantir que se poidan acoller a el os centros de ensino de educación infantil O Gaioso, no Eixo; a do Rial, en Laraño; e o de Bispo Teomiro, en Marrozos, para facilitar a conciliación e garantir a igualdade de oportunidades ás familias do rural compostelán.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA REXEITAR O PROXECTO QUE PRETENDE PRIVATIZAR A TORRE DE CONTROL DO AEROPORTO DE SANTIAGO

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para trasladar o rexeitamento ao proxecto da orde ministerial que pretende a privatización da torre de control do aeroporto de Santiago de Compostela, entre outras, e instar á súa retirada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 9 de febreiro de 2023 foi publicado o proxecto de orde ministerial pola que se determinan os aeroportos xestionados por AENA para a selección de novos provedores civís de servizos de control de tránsito aéreo de aeródromo. Isto conduce a continuar coa privatización das torres de control iniciada tras a publicación da Lei 9 /2010 que supuxo a privatización das torres de Vigo e Coruña, xunto outras 10.

A realidade é que, ao contrario do que se transmite, as torres privatizadas non gañaron en eficacia nin en eficiencia, e si en precariedade laboral e recorte de dereitos sindicais, con despedimentos a profesionais que cuestionan instrucións empresariais que poden afectar á seguranza. Todos estes despedimentos considerados improcedentes e/ou nulos en diferentes xulgados, en Vigo o máis recente.

Esta reactivación da privatización prodúcese nun momento de folga de controladores do sector privado, por precarización e empeoramento das súas condicións laborais.

O aeroporto Santiago – Rosalía de Castro é o único H24 (aberto 24 horas) en Galiza e en todo o noroeste do Estado español.

En 2022 foi un dos aeroportos de maior crecemento do Estado, segundo datos de Aena, respecto a 2019, ano previo á pandemia.

Santiago – Rosalía de Castro é aeródromo de referencia ETOPS (Extended Range Twin Operations Approval) e, por tanto, alternativo para voos transoceánicos entre Europa e América do norte, polo seu emprazamento xeográfico. Conta cun aeródromo militar cuxa misión principal é proporcionar apoio loxístico ás unidades despregadas ou en tránsito. Ademais, é a base principal antiincendios da Xunta de Galiza.

Desde a torre de control préstanse dous tipos de servizo: Por unha parte, de control de torre, isto é, despegues, aterraxe e control a aeronaves nas inmediacións do aeroporto. Pola outra parte, dáse servizo de aproximación radar aos aeroportos da Coruña, Santiago e Vigo, controlando todos os voos na área de Galiza até 7.500 metros de altitude. A área que controla ten preto de 34.000 quilómetros cadrados. Tamén realiza o inicio da aproximación dos tráfico con destino Porto procedentes desde o norte e encamiña as saídas dese aeroporto que voan tamén en sentido norte.

O cadro de persoal componse de 36 persoas que realizan ambas funcións (control de torre e control radar de aproximación).

En caso de levarse a cabo a privatización do servizo de control de aeródromo na torre de Santiago, as tres torres dos aeroportos galegos quedarían en mans de provedores privados.

Entre as repercusións deste feito, aumentarían as demoras: na actualidade a torre e a aproximación radar están nun mesmo espazo físico e cun único cadro de persoal. Ao separar o servizo de control en dúas dependencias, con dous cadros de persoal de diferentes empresas, perderíase a axilidade nas coordinacións.

Os prezos dos billetes non baixarán. AENA cóbralles ás compañías aéreas as mesmas tarifas independentemente de se o control o presta Enaire ou un operador privado. A proba é que actualmente un billete de Santiago (control público) a Madrid, é máis barato que ese mesmo voo desde A Coruña ou Vigo (control privado).

Os controladores privados teñen exclusivamente formación de control de aeródromo e, na súa maioría, un curso de 6 meses nunha escola, á que suman nula experiencia no posto de traballo.

Resulta obvio que substituír o cadro de persoal actual por un novo, con experiencia cero, redunda nunha diminución da seguranza aérea.

Perda da desinteresada colaboración actual por parte de controladoras e controladores de Enaire de Santiago co CIAR e Civil UAVS, un ámbito que afecta a un sector de tanta proxección coma o dos drons (tanto de uso civil como militar).

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. O Pleno do Concello de Santiago de Compostela manifesta o seu rexeitamento ao proxecto da orde ministerial do 9 febreiro de 2023 que pretende a privatización da torre de control do aeroporto de Santiago de Compostela, entre outras, e insta á súa retirada.
2. O Pleno do Concello de Santiago de Compostela traslada este acordo ao Ministerio de transportes, mobilidade e a axenda urbana e á Xunta de Galiza.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A URXENTE EXECUCIÓN DE MELLORAS NO VIARIO MUNICIPAL E A ADOPCIÓN DUN SISTEMA DE XESTIÓN DE FIRMES PARA A SÚA MELLOR CONSERVACIÓN E MANTEMENTO FUTUROS

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A conservación e mantemento do sistema viario debe constituír unha prioridades para calquera administración con competencias na materia. A dispoñibilidade dunha rede de comunicacións en bo estado contribúe non só a unha mellora da mobilidade, senón que en moitos casos é un factor decisivo para a o equilibrio territorial, a integración social e o acceso en condicións de seguridade, rapidez e confort a servizos esenciais como a sanidade ou a educación.

No Concello de Santiago, desde hai anos víñase mantendo un contrato principal para atender eses labores de conservación, mantemento e reparación de pavimentos. O ultimo con esa finalidade foi licitado en 3 lotes (pavimentos asfálticos, non asfálticos e sen pavimentos de rodaxe específicos) e adxudicado en decembro de 2018, por un importe inicial de 2 millóns de euros, cun prazo de execución de dous anos e posibilidade de prórroga doutros dous anos. Nunha práctica xa habitual, este contrato que iniciou a súa prestación en febreiro de 2019 foi prorrogado ata o límite chegando a súa vixencia ao mes de febreiro de 2023.

Para darlle continuidade a este contrato, o Goberno local acordou a licitación de dous novos contratos: un destinado a viarios e espazos do medio rural (CON202200074), cun orzamento de 1,6 millóns de euros e un prazo de execución de 2 anos; e outro destinado a viarios públicos municipais do núcleo urbano (CON202200072), cun orzamento de 1,3 millóns de euros e un prazo de execución tamén de dous anos. A maiores, este Goberno adxudicou recentemente un novo contrato de “rehabilitación de firmes de vías urbanas 2022” para atender á mellora de nove rúas da cidade, por importe de 458.811 euros e un prazo de execución de 4 meses.

A pesar da pésima situación na que se atopa boa parte da rede viaria municipal, especialmente no ámbito rural (da que ofrecemos algunhas mostras gráficas recentes como anexo), o contrato para o servizo de conservación e mantemento dos viarios atópase vencido, mentres os novos contratos aínda esperan a súa adxudicación, formalización e posta en vigor para atender ás moitas urxencias que se perciben ao longo de todo o termo municipal.

Para afrontar coa maior rapidez e eficacia todas aquelas actuacións que afectan á

seguridade e comodidade da rede viaria, sería de gran utilidade ter avanzado na creación dun sistema de xestión de firmes, semellante ao que se aplica noutras administracións, para programar e controlar as actividades de conservación da rede local. Unha ferramenta na que se debería integrar un inventario de firmes que facilitaría manter unha permanente actualización da situación do conxunto da rede, permitindo desenvolver modelos de evolución, seguimento, análises e planificación para avaliar, de forma obxectiva, as diferentes estratexias de conservación, antes de identificar proxectos ou actuacións concretas e priorizalas atendendo a criterios técnicos e económicos.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Popular propón a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a axilizar ao máximo a posta en marcha dos contratos para a conservación, mantemento e reparación nos viarios do medio rural e do núcleo urbano, para atender á situación de deterioro existente nos firmes e drenaxes, e a considerar a posta en marcha dun sistema de xestións de firmes que permita avaliar, de forma obxectiva, as diferentes estratexias de conservación, antes de identificar proxectos ou actuacións concretas e priorizalas atendendo a criterios técnicos e económicos.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA O ACONDICIONAMENTO DAS ÁREAS RECREATIVAS DE CHAIÁN E O REFUXIO, NA RIBEIRA DO TAMBRE.

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o inicio do mandato anterior e tamén neste mandato, o Grupo Popular ten presentado varias iniciativas plenarias na maior parte aprobadas por unanimidade .- como a presentada o ano pasado- para acondicionar, mellorar e dar a coñecer dúas zonas de gran potencial ambiental e recreativo: a primeira, compartida co concello de Trazo na súa parroquia de Chaián, que lle dá nome aquí ao conxunto das dúas ribeiras; e a segunda, a do Refuxio, na parroquia de Barciela, limítrofe co concello de Oroso.

A pesar dos acordos plenarios e do tempo transcorrido, estas dúas áreas recreativas continúan a ser unhas grandes descoñecidas na actualidade para gran parte da poboación, a pesar de ser dous dos puntos principais no río Tambre ao seu paso polo concello, un itinerario incluído nas Rede Natura como Lugar de Interese Comunitario polos seus especiais valores ambientais e patrimoniais.

Na área existente en Chaián, situada a apenas 10 km do centro da cidade, pódese gozar dunha fermosa paisaxe de ribeira, con vellos carballos, castiñeiros, ameneiros e ata acivros. Un lugar axeitado para o baño, o lecer ou a pesca deportiva, onde se organiza a “Festa do Escalo” que nos últimos anos se vén incluíndo no programa das Festas do Apóstolo, con concurso de pesca, numerosas actividades e un xantar popular con posterior romaría. Unha cita na durante moitos anos actuou como gran dinamizador o recentemente falecido, Ramón Fandiño Salgado, presidente da sociedade A Venatoria, que ben merecería unha homenaxe polo seu impagable e desinteresado labor para -entre outras moitas actividades- promover este enclave.

En contraste co coidado e a dotación de servizos da marxe pertencente ao Concello de Trazo, a ribeira compostelá mostra un aspecto descoidado, no que se denota unha falta de limpeza e mantemento periódicos, mentres persisten outras deficiencias sinaladas nos últimos anos, como a limitación da velocidade ou, cando menos, unha advertencia de perigo na estrada provincial (que se mantén a 50 km/h, a pesar da recente actuación para a mellora do firme) ou a mellora da conexión peonil coa marxe de Trazo, coa continuidade e protección da beiravía e a rehabilitación da oxidada varanda existente.

Pola súa parte, a área do Refuxio, a uns 15 kms. da cidade, está situada nunha fermosa insua pertencente á parroquia de Barciela, á que se accede a través de dúas estreitas pontes que a comunican cos concellos de Santiago e Oroso. Tal e como propuxemos no seu día, sería necesario mellorar o acondicionamento da pista existente e instalar uns indicadores que facilitaran a súa localización. O lugar aínda segue a necesitar unha reparación da plataforma para a conexión das pontes que dificultan a desexable accesibilidade, así como a reposición tanto do pasal polo que se accede á deteriorada caseta para o socorrista como dos colectores de lixo que desapareceron do lugar habilitado no seu día á beira da ponte que comunica co municipio compostelán.

En definitiva, cómpre reiterar que non se trata de acometer ningunha gran actuación, nin de entrar en competencia coas dotacións e servizos das marxe opostas, senón de realizar en ambos casos unhas melloras concretas e perfectamente asumibles, para complementar e potenciar o valor ambiental destes enclaves, para goce da veciñanza dos tres concellos que desde sempre manteñen unha estreita vinculación que é preciso conservar e, se cabe, reforzar.

Tendo en conta o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta para a súa consideración por parte do Pleno o seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a:

1. Levar a cabo traballos de conservación, mellora e mantemento periódicos nas áreas recreativas de Chaián e do Refuxio, axeitándoas para o baño e o lecer.
2. Dirixirse á Deputación da Coruña a fin de solicitar a súa colaboración para axustar as condicións de seguridade para o tránsito peonil na vía provincial ao seu paso polas inmediacións da área de Chaián, así como o pintado da enferruxada ponte sobre o Tambre.
3. Planificar unha mellora da sinalización viaria para facilitar a visita ás áreas recreativas de Chaián e o Refuxio, e estudar a posibilidade de celebrar distintas actividades que teñan como centro estas dúas ribeiras do Tambre para difundir o coñecemento e valoración deste dous singulares enclaves naturais.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA MELLORA DOS SERVIZOS BÁSICOS, DOS ACCESOS E A SEGURANZA VIARIA NA ALDEA DO VISO

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para a mellora dos servizos básicos, dos

accesos e da seguranza viaria na aldea do Viso.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Viso é esa aldea remota que está no pé de Santiago, esa aldea que está completamente rodeada po estruturas urbanas como AP-9, a Cidade da Cultura, o barrio das Fontiñas, o Multusos de Sar ou o Estadio Vero Boquete. Unha aldea no núcleo urbano de Compostela que foi maltratada polas ampliacións da AP-9 privando á veciñanza poder acceder as súas propiedades a outra marxe da autopista ou polas canalizacións da auga tanto polas obras da AP-9 ou da Cidade da Cultura motivo polo cal cando chove a aldea practicamente queda inundada causando desperfectos graves e perigosos. Desta cuestión xa é sabedora o grupo de goberno pois estiveron reunidos coa veciñanza propoñéndolles unha solución a este problema. O noso grupo agarda que avance no proxecto o máis axiña posíbel.

O noso grupo tamén estivo reunido coa veciñanza e trasladáronnos outras cuestións que tamén son relevantes no día a día da aldea como os problemas de tráfico cando hai competicións ou eventos no Multusos de Sar. A aldea vese invadida por unha morea de coches dificultando o acceso á veciñanza as súas e mesmamente algunha ambulancia que tivo que acceder algún domicilio, por iso, é imprescindible mellorar a sinalización das rúas, pintado ou incluso buscar algún espazo alternativo para facer un aparcamento para uso veciñal ou usuarios do Multusos.

A veciñanza bota en falta de mantemento das árbores que están en mal estado ou incumprimento de accesibilidade do paso para as persoas pola pontella por un escalón ou pola probabilidade de escorregar pola pasarela e a baranda do outro lado é moi perigosa. Solicitan tamen un colector de papel na rúa Ameneiral do Viso, o mantemento das beirarrúas que se atopan nun estado lamentábel. É urxente arranxar o problema da pista no Viso de Arriba posto que hai unha alta probabilidade de derrubamento dun muro enriba dunha casa. Hai espazos públicos con falta de mantemento, como o cambio das luminarias ou a limpeza das fontes ou rematar o asfaltado da rúa do Viso hasta a rúa da Ponte Marzán.

ACORDO

O grupo de goberno realizará unha planificación para mellorar os servizos básicos, mellorar a seguranza viaria e accesos da aldea do Viso.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA QUE O PROXECTO DO MATADOIRO COMPOSTELA MANTEÑA O SEU CARÁCTER PARTICIPATIVO E ABERTO AOS COLECTIVOS SOCIAIS E CULTURAIS DE SANTIAGO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Volven os períodos eleitorais e retomanse determinados proxectos dos que falan moito pero dos que despois pouco fan. Neste caso falamos do candidato Bugallo, e permítanme que lle chame así, candidato e non alcalde, porque realmente leva semanas e meses exercendo máis de candidato que de alcalde

E como en todas as campañas electorais, desde fai máis de 15 anos, vólvese a falar da antiga Casa da Xuventude ou do Espazo Matadoiro Compostela. Durante o anterior mandato municipal, o goberno de Compostela Aberta unha vez paralizado o derrubo, traballou en dous sentidos sobre o continente e sobre o contido do Matadoiro. A primeira decisión foi esa, manter un equipamento público municipal cun uso aberto á veciñanza e traballar en habilitar unha nova entrada ao parque de Belvís.

Así, unha vez recuperado o equipamento, sobre o continente fixéronse os arranxos mínimos necesarios para habilitar o uso público e traballamos na definición dun programa de usos que permitira unha rehabilitación integral do edificio, mellorando a súa integración na Praza do Matadoiro e que permitise tamén a permeabilidade entre a propia praza do Matadoiro e o Parque a través da planta baixa do propio edificio.

Ademais desta rehabilitación do edificio cun paso interior ou exterior sobre o rego do Cancelón, traballouse en habilitar a conexión prevista polo actual Plan Especial sobre a parcela lindante, cunha cesión que sería efectiva no momento en que se rehabilitase o edificio, naquel momento cunha actuación do Proxecto Home e que agora poderase levar adiante se se consolida o proxecto do arquitecto Chipperfield. E aquí gustárame ser claro, e dicir que esa conexión a través da parcela lindante esta contemplada polo PXOM e o Plan Especial e iso é o que debemos conseguir.

E por outra parte traballamos no contido, e aí é onde se teñen verquido ríos e ríos de tinta sobre o que alí se fixo e o que alí non se fixo. E visto o visto, visto o acontecido nestes 4 anos, onde basicamente o que se ten feito é nada, sentímonos máis orgullosos do feito polo noso goberno. E aínda que houbo moitas mentiras, hai que dicir que no relativo á xestión do uso da casa non fixemos ningunha innovación, ou talvez si, porque introducimos na zona urbana un modelo de xestión que é habitual nas parroquias rurais de Santiago, como por exemplo que as chaves podan estar en maos de colectivos, como pasa en moitos do rural.

Onde si, que se foi algo máis innovador foi no contido, porque se levou adiante un proxecto de Centro Social autoxestionado dende 2017, cunha programación moi variada de actividades culturais, sociais e lúdicas, todas elas gratuítas, e tamén servíu como lugar de reunión habitual de diversos colectivos sociais da cidade.

A modo meramente indicativo aínda hoxe en día podemos consultar a axenda dun mes calquera do ano 2018 ou 2019 e comprobar esa utilización para ensaios, eventos ou reunións de innumerables colectivos sociais.

Por todo o anterior, e porque entendemos que a recuperación dese uso aberto á veciñanza tal e como se demostrou na etapa anterior, e o mais apropiado para manter o edificio, o Grupo Municipal de Compostela Aberta, propón o seguinte

ACORDO:

Que non se deseñe ningún proxecto para a Casa do Matadoiro sen manter o seu carácter de xestión participativa, aberta a colectivos e a toda veciñanza que queiran facer uso dela, compatibilizando ese uso con programas municipais de dinamización e fomento do seu emprego entre novos colectivos.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA A DINAMIZACIÓN DO MERCADO DE ABASTOS MEDIANTE A OFERTA DE POSTOS BALEIROS PARA INICIATIVAS

DA ECONOMÍA SOCIAL E PERSOAS EMPREENDEDORAS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Praza de Abastos é un dos patrimonios vivos e dinamizadores da economía de proximidade de Santiago, é un tesouro e un emblema valorado tanto pola veciñanza compostelá que diariamente consume produto fresco e de calidade, como polos miles de visitantes que ano tras ano desfrutan da vitalidade e singularidade do mercado. Sen dúbida, é un lugar singular que conforma a identidade de Compostela e o seu desenvolvemento local. Leva dende 1873 achegando os produtos frescos aos fogares composteláns. A clientela da Praza é do máis variado, comprende tanto á veciñanza da zona histórica e dos distintos barrios de Santiago, como a de municipios limítrofes e os/as profesionais dos sectores da Hostalería e Restauración. Os praceiros e praceiras promocionan de xeito maioritario a venda de produtos da nosa terra, sendo ben coñecida a calidade dos mesmos, e de aí do seu éxito e valor de consumo. Por outra banda, a Praza de Abastos é o segundo lugar mais visitado polos miles de turistas que chegan a Santiago, e este feito non debera traer consigo a hipermasificación ou turistificación do lugar e mesmo unha mudanza importante de usos que destrúan a esencia de Praza a base de concentrar excesivas ofertas turísticas de restauración no propio espazo do mercado.

Por iso, é necesario coidar a Praza para impulsar e innovar na ampliación e mellora dos servizos que oferta, así como avanzar na ordenación e prevención dos fluxos turísticos que traian consigo o risco de saturación do espazo. Neste sentido, dende o grupo municipal de Compostela Aberta trasladamos unha proposta de dinamización e optimización dos postos do mercado. Cómpre lembrar que a Praza de Santiago está organizada nunha serie de naves (8) (consúltase anexo1) e áreas de especialización que comprenden postos de aves e ovos, bacallau, carnicería, chacinería, conxelados, flores, froitas e verduras, pan, peixe e mariscos, queixo e tamén postos de xoias, restauración e perfumes e diferentes téis e infusións.

Na actualidade, lamentablemente na Praza de Abastos atópanse un número importante de postos baleiros, máis de corenta. Esta situación non debería acontecer e o Concello de Santiago debera ser proactivo e impulsar unha serie de medidas para que estes postos poidan saír a concurso incentivándose que teñan acollida, por unha parte, proxectos vinculados coa economía social e, por outra, aqueles colectivos en situación de desemprego de longa duración, nomeadamente mulleres que no municipio continúan a sufrir a fenda de xénero no ámbito laboral. Trataríase dunha política pública acompañada dun programa de axudas para a asesoramento e impulso de proxectos de negocio innovadores e vinculados á economía social e á promoción de produtos locais, de comercio xusto, produción ecolóxica ou tradicionais galegos. En calquera caso, este proceso debería promover as necesarias canles de diálogo, comunicación e participación co tecido asociativo veciñal, comercial, universitario, e en xeral coa cidadanía, para que sexan participantes no deseño, elaboración e implementación desta iniciativa.

Cremos que esta iniciativa sería pioneira en Compostela e viría a satisfacer por unha parte, a necesidade de que a Praza se revitalice, non vaia pechando postos ou

converténdoos en postos de restauración orientados unicamente ao turismo, e por outra, a necesidade da posta en valor dos modelos de negocio da economía social vinculados ao comercio de proximidade. Por último, significaría unha aposta pola empregabilidade e apoio ao emprendemento de sectores da poboación en situación de paro de longa duración, nomeadamente ás mulleres compostelás.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta propón unha serie de medidas co obxectivo de dinamizar, revitalizar e apostar pola economía social e a inserción laboral das mulleres, e presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO:

Instar ao órgano de goberno correspondente á:

1. Desenvolver un concurso para cubrir as máis de corenta prazas baleiras das naves da Praza de Abastos apostando tanto pola economía social como pola inserción laboral das persoas desempregadas de longa duración, nomeadamente as mulleres.
2. Definir unha liña de axudas para a o impulso e creación de proxectos innovadores dirixidos a ocupar os postos baleiros da Praza de Abastos sobre a base das consideracións do punto anterior.
3. Desenvolver unha campaña de sensibilización social, pondo en valor a importancia económica do consumo do produto de proximidade e a calidade da Praza de Abastos e de divulgación do concurso para a cobertura dos postos baleiros.
4. Establecer as necesarias canles de diálogo, comunicación e participación co tecido asociativo veciñal, comercial, universitario, e en xeral coa veciñanza para que sexan participantes no deseño, elaboración e implementación deste concurso sobre os postos baleiros da Praza de Abastos.

MOCIÓN PRESENTADA POLOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PSdeG-PSOE, CA E BNG PARA A RESTAURACIÓN DO TEXTO FIDEDIGNO DO HIMNO GALEGO E A SÚA DIFUSIÓN

Tres anos despois de aprobado e promulgado o Estatuto de Autonomía (1981), en que se recoñece que Galiza ten himno “de seu” (artigo 6.2), o Parlamento galego consagrou na Lei 5/1984, do 29 de maio, de símbolos de Galicia, o que xa estaba no ánimo e no sentir do pobo, oficializando como himno galego as catro primeiras estrofas do poema «Os Pinos» de Eduardo Pondal.

Efectivamente, un século antes, a vontade que se manifestaba en Galiza de contar cun himno cristalizou na iniciativa do músico Pascual Veiga, que encargou ao poeta nacional na altura, o bardo Eduardo Pondal, a composición dun texto poético que, “a maneira da Marcha Real, Marsellesa etc., sexa cantado en toda a Galiza co entusiasmo que desperta no ánimo o Sentimento da patria”.

As bases do concurso internacional organizado polo Orfeón Coruñés nº 4, dirixido por Pascual Veiga na cidade da Coruña, contemplaban un premio destinado a galardoar a mellor “marcha” musical escrita para orfeón sobre o poema «Os Pinos» de Eduardo Pondal. Para este texto, o maestro mindoniense compuxo a música que, após diversos avatares, tivo a súa primeira interpretación institucional e solemne como himno galego no día 20 de decembro de 1907 no Gran Teatro da Habana. A partir deste evento, o

himno foi acollido polo movemento galeguista, nomeadamente polas Irmandades da Fala, que o elevou sobre outras propostas existentes e o estendeu en toda a sociedade, ao tempo que se foi establecendo o cerimonial de interpretación, sempre co público en pé e actitude respectuosa. Por tanto, a partir de 1916 o texto de Eduardo Pondal, coa música de Pascual Veiga, converteuse, de facto, no himno galego.

A difusión do texto pondaliano realizouse a partir da súa publicación sucesiva na Habana en medios escritos diversos, sobre todo revistas (1905, 1907, 1909), de onde retornou a Galiza por volta de 1910 con múltiples erros textuais derivados fundamentalmente da súa inicial difusión fóra do país.

A recuperación dos manuscritos do himno, xunto con impresos con correccións autógrafas e mais a versión editada e autorizada polo autor revelou importantes alteracións textuais na versión oficial, tal como demostrou a investigación realizada polo doutor Manuel Ferreiro, catedrático da Universidade da Coruña. Tal feito propiciou a constitución, en 1996, dunha ponencia conxunta no Parlamento galego para estudar a eventual restauración da letra verdadeira do Himno. E posteriormente, en 2002 e 2018, aínda foron realizados dous amplos informes técnicos escritos onde se demostraba, razoada e documentalmente, que o actual texto oficial do Himno Galego, alén doutras cuestións de menor transcendencia, mostra a existencia de catro alteracións de importancia: 1) Problemas de presentación formal e de puntuación, de forma que no texto oficial mesmo desapareceu a indicación de que o texto é un diálogo (pregunta aos piñeiros, na primeira estrofa, e resposta destes nas tres estrofas restantes); 2) Presenza de formas idiomáticas alleas ao poema orixinal pondaliano, nomeadamente castelanismos e hiperenxebrismos (ronco / rouco, iñorantes / ignorantes); 3) Aparición de formas idiomáticas falsas, inexistentes no poema de Pondal e na lingua galega (féridos / férridos); 4) Deturpación da expresión orixinal mediante un proceso de banalización textual (chan / clan 'pobo').

O propio autor do texto do Himno, Eduardo Pondal, era consciente destas deturpacións textuais, tal como lle sinala a Xosé Fontenla Leal, o grande impulsor do himno na colectividade galega en Cuba, cando en carta de 11 de xaneiro de 1913 lle di que “o texto do noso himno contén non poucas erratas, e xa veremos de corrixilas oportunamente”. Infelizmente, o estado de saúde de Pondal non permitiu esa actuación correctora e restauradora, que agora o Parlamento pode e debe realizar, 115 anos após a pública e solemne interpretación do himno na Habana.

En 1984 o Parlamento galego, consciente da importancia e do alto valor institucional e social dos símbolos (escudo, bandeira, himno), oficializou o Himno no artigo 4 da Lei de Símbolos: “Declárase himno de Galicia a composición «Os Pinos», poema de Eduardo Pondal e música de Pascual Veiga”. Porén, o texto aprobado e publicado no Diario Oficial de Galicia, na Disposición adicional terceira da Lei 5/1984, non recolle as estrofas do poema «Os Pinos» da fonte orixinal pondaliana, senón que se basea nunha deficiente versión editorial realizada en 1935, no centenario do nacemento do poeta. O feito de esa edición ter herdado (e acrecentado) os erros e deturpacións textuais acumulados desde había anos explica o texto oficial do himno, que cómpre recuperar e actualizar catro décadas após a promulgación da Lei de Símbolos.

Son chegados os tempos, en fin, de restaurar o texto certo do himno galego, de modo que todos, e especialmente as novas xeracións, o coñezamos, cantemos e interpretemos correctamente.

Por todo isto, o Concello de Santiago de Compostela quere mostrar o seu apoio á

proposición de lei de iniciativa lexislativa popular (ILP) para a restauración do texto fidedigno do himno galego e a súa difusión. A proposición de Lei ten o seguinte articulado:

“Artigo 1º. Fica modificado o artigo 4 da Lei 5/1984, de Símbolos de Galicia, nos seguintes termos: “Declárase himno de Galiza o poema «Os Pinos» de Eduardo Pondal, nas súas catro primeiras estrofas, e música de Pascual Veiga”.

Artigo 2º. A disposición adicional terceira da Lei 5/1984, de Símbolos de Galicia, modifícase no punto 1 nos seguintes termos: “A letra do Himno Galego é a seguinte”:

Que din os rumorosos,
na costa verdecente,
ó raio trasparente
do prácido luar...?
Que din as altas copas
de escuro arume harpado
co seu ben compasado,
monótono fungar...?

«Do teu verdor cinxido
e de benignos astros,
confín dos verdes castros
e valeroso clan,
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono;
desperta do teu sono,
fogar de Breogán.

Os bos e xenerosos
a nosa voz entenden,
e con arroubo atenden
o noso rouco son;
mas sós os ignorantes
e férridos e duros,
imbéciles e escuros,
non os entenden, non.

Os tempos son chegados
dos bardos das edades,
que as vosas vaguedades
cumprido fin terán;
pois donde quer, xigante,
a nosa voz pregoa
a redenzón da boa
nazón de Breogán».

Artigo 3º. A Xunta de Galicia fará cumprir a todas as institucións e sociedades públicas dela dependentes, como a radio e a TV galegas, a reprodución, canto e interpretación completa do himno galego.

Artigo 4º. A Xunta de Galicia realizará unha edición popular da letra restaurada conforme o texto creado por Eduardo Pondal, xunto coa partitura do Himno, co

obxecto de distribuílo, divulgalo e popularizalo de forma masiva na sociedade galega, nomeadamente en todos os centros educativos, agrupacións musicais e corais, bandas de música, entidades deportivas, asociacións culturais ou calquera outra entidade cívica.”

Con relación coas mocións presentadas polos grupos políticos municipais, foron adoptados os acordos que a continuación se transcriben.

Con respecto á moción formulada por CA para que se inclúa na programación das festas de Santiago música e cultura ao vivo de artistas a empresas locais, o Pleno da Corporación por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de CA, do PP, do BNG e do concelleiro non adscrito (5 CA, 8 PP, 2 BNG e 1 N/A) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que o departamento de Festas elabore un Plano de contratación de música e cultura ao vivo con unha dotación mínima de 250.000 € para a contratación directa de grupos musicais, empresas culturais e artistas de Santiago de Compostela nos próximos ciclo de festas da cidade, comezando polas Festas da Ascensión e do Apóstolo deste ano 2023.

Na moción presentada por CA sobre a memoria histórica e democrática en Santiago, e despois de ser aceptada a emenda en voz proposta polo BNG e polo PSdeG-PSOE, relativa á supresión da frase “á maior brevidade posible e antes do remate do mandato municipal en curso” do apartado 1 da parte dispositiva, o Pleno da Corporación por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de CA, do PSdeG-PSOE, do BNG e do concelleiro non adscrito (5 CA, 8 PSdeG-PSOE, 2 BNG e 1 N/A) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, acorda:

1. Que se convoque a Comisión de Memoria Histórica do Concello de Santiago para lograr avanzar na elaboración dun plano de actuación de Memoria Democrática concordando co espírito da nova Lei e fundamentalmente relacionado coa participación social e á reparación das vítimas.
2. Que neste plano de actuación de Memoria Democrática se recollan accións de investigación, sinalización e propostas de intervención que muden a paisaxe dos lugares da memoria e da resistencia democrática que teñen caído na invisibilidade e no esquecemento para conquistar con potencia a súa resignificación.
3. Que en todos os puntos anteriores, de xeito transversal, exista un especial tratamento arredor do papel activo na resistencia das mulleres en Compostela como protagonistas da loita pola democracia e polos valores da liberdade, igualdade e solidariedade.
4. Instar ás administracións galega, estatal e provincial a colaborar co Concello de Santiago no impulso destas políticas de Memoria Democrática.

Con respecto á moción presentada polo BNG para dotar de servizos de comedor e madrugadores ás escolas infantís, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes acorda que o Goberno local, a través dos órganos e departamentos correspondentes, estudará a posibilidade de ampliar o contrato de comedores e servizos de madrugadores para garantir que se poidan acoller a el os centros de ensino de educación infantil O Gaioso, no Eixo; a do Rial, en Laraño; e o de Bispo Teodomiro, en Marrozos, para facilitar a conciliación e garantir a

igualdade de oportunidades ás familias do rural compostelán.

Na moción presentada polo BNG para rexeitar o proxecto que pretende privatizar a torre de control do aeroporto de Lavacolla, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda:

1. Manifestar o seu rexeitamento ao proxecto da orde ministerial do 9 febreiro de 2023 que pretende a privatización da torre de control do aeroporto de Santiago de Compostela, entre outras, e insta á súa retirada.
2. Trasladar este acordo ao Ministerio de transportes, mobilidade e a axenda urbana e á Xunta de Galiza.

Con respecto á moción presentada polo PP para a urxente execución de melloras no viario municipal e a adopción dun sistema de xestión de firmes para a súa mellor conservación e mantemento futuros o Pleno da Corporación por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PP, de CA, do BNG e do concelleiro non adscrito (8 PP, 5 CA, 2 BNG e 1 N/A) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano do Goberno local a axilizar ao máximo a posta en marcha dos contratos para a conservación, mantemento e reparación nos viarios do medio rural e do núcleo urbano, para atender á situación de deterioro existente nos firmes e drenaxes, e a considerar a posta en marcha dun sistema de xestións de firmes que permita avaliar, de forma obxectiva, as diferentes estratexias de conservación, antes de identificar proxectos ou actuacións concretas e priorizalas atendendo a criterios técnicos e económicos.

Na moción presentada polo PP para o acondicionamento das áreas recreativas de Chaián e o Refuxio, na ribeira do Tambre, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes acorda instar ao correspondente órgano do Goberno municipal a:

1. Levar a cabo traballos de conservación, mellora e mantemento periódicos nas áreas recreativas de Chaián e do Refuxio, axeitándoas para o baño e o lecer.
2. Dirixirse á Deputación da Coruña a fin de solicitar a súa colaboración para axustar as condicións de seguridade para o tránsito peonil na vía provincial ao seu paso polas inmediacións da área de Chaián, así como o pintado da enferruxada ponte sobre o Tambre.
3. Planificar unha mellora da sinalización viaria para facilitar a visita ás áreas recreativas de Chaián e o Refuxio, e estudar a posibilidade de celebrar distintas actividades que teñan como centro estas dúas ribeiras do Tambre para difundir o coñecemento e valoración deste dous singulares enclaves naturais.

Na moción presentada polo BNG para a mellora dos servizos básicos, dos accesos e a seguranza viaria no lugar o Viso, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes acorda que o grupo de goberno realizará unha planificación para mellorar os servizos básicos, mellorar a seguranza viaria e accesos da aldea do Viso.

Con respecto á moción presentada por CA para que o proxecto do “Matadoiro Compostela” manteña o seu carácter participativo e aberto aos colectivos sociais e

culturais, o Pleno da Corporación por 8 votos favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de CA, do BNG e do concelleiro non adscrito (5 CA, 2 BNG e 1 N/A) e 16 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleira presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (8 PSdeG-PSOE e 8 PP), acorda que non se deseñe ningún proxecto para a Casa do Matadoiro sen manter o seu carácter de xestión participativa, aberta a colectivos e a toda veciñanza que queiran facer uso dela, compatibilizando ese uso con programas municipais de dinamización e fomento do seu emprego entre novos colectivos.

Na moción presentada por CA para a dinamización do mercado de Abastos mediante a oferta de postos baleiros para iniciativas de economía social e persoas emprendedoras en situación de desemprego, o Pleno da Corporación por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de CA, do PP, do BNG e do concelleiro non adscrito (5 CA, 8 PP, 2 BNG e 1 N/A) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao órgano de goberno correspondente á:

1. Desenvolver un concurso para cubrir as máis de corenta prazas baleiras das naves da Praza de Abastos apostando tanto pola economía social como pola inserción laboral das persoas desempregadas de longa duración, nomeadamente as mulleres.
2. Definir unha liña de axudas para a o impulso e creación de proxectos innovadores dirixidos a ocupar os postos baleiros da Praza de Abastos sobre a base das consideracións do punto anterior.
3. Desenvolver unha campaña de sensibilización social, pondo en valor a importancia económica do consumo do produto de proximidade e a calidade da Praza de Abastos e de divulgación do concurso para a cobertura dos postos baleiros.
4. Establecer as necesarias canles de diálogo, comunicación e participación co tecido asociativo veciñal, comercial, universitario, e en xeral coa veciñanza para que sexan participes no deseño, elaboración e implementación deste concurso sobre os postos baleiros da Praza de Abastos.

Antes da votación da moción presentada polos grupos municipais do PSdeG-PSOE, CA e BNG para a restauración do texto fidedigno do himno galego e a súa difusión abandonaron o Salón de sesións Dona Branca Petra Novo Rey e Dona Mercedes Rosón Ferreiro, ausentáronse ás 20:41 e ás 20:43 horas, respectivamente.

Na moción conxunta presentada polos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG para a restauración do texto fidedigno do himno galego e a súa difusión, da que foi declarada a súa urxencia por unanimidade, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA, do BNG e do concelleiro non adscrito (7 PSdeG-PSOE, 4 CA, 2 BNG e 1 N/A) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, acorda mostrar o seu apoio á proposición de lei de iniciativa legislativa popular (ILP) para a restauración do texto fidedigno do himno galego e a súa difusión.

A proposición de Lei ten o seguinte articulado:

“Artigo 1º. Fica modificado o artigo 4 da Lei 5/1984, de Símbolos de Galicia, nos seguintes termos: “Declárase himno de Galiza o poema «Os Pinos» de Eduardo Pondal, nas súas catro primeiras estrofas, e música de Pascual Veiga”.

Artigo 2º. A disposición adicional terceira da Lei 5/1984, de Símbolos de Galicia, modifícase no punto 1 nos seguintes termos: “A letra do Himno Galego é a seguinte”:

Que din os rumorosos,
na costa verdecente,
ó raio transparente
do prácido luar...?
Que din as altas copas
de escuro arume harpado
co seu ben compasado,
monótono fungar...?

«Do teu verdor cinxido
e de benignos astros,
confín dos verdes castros
e valeroso clan,
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono;
desperta do teu sono,
fogar de Breogán.

Os bos e xenerosos
a nosa voz entenden,
e con arroubo atenden
o noso rouco son;
mas sós os ignorantes
e férridos e duros,
imbéciles e escuros,
non os entenden, non.

Os tempos son chegados
dos bardos das edades,
que as vosas vaguedades
cumprido fin terán;
pois donde quer, xigante,
a nosa voz pregoa
a redenzón da boa
nazón de Breogán».

Artigo 3º. A Xunta de Galicia fará cumprir a todas as institucións e sociedades públicas dela dependentes, como a radio e a TV galegas, a reprodución, canto e interpretación completa do himno galego.

Artigo 4º. A Xunta de Galicia realizará unha edición popular da letra restaurada conforme o texto creado por Eduardo Pondal, xunto coa partitura do Himno, co obxecto de distribuílo, divulgalo e popularizalo de forma masiva na sociedade galega, nomeadamente en todos os centros educativos, agrupacións musicais e corais, bandas de música, entidades deportivas, asociacións culturais ou calquera outra entidade cívica.

O Alcalde pecha a sesión ás 20:48 horas. Dou fe.

